

ESTUDO ORGÁNICO E FUNCIONAL
DA XUNTA DE GALICIA

PROPOSTA DUN CADRO
DE CLASIFICACIÓN

CLASI/ ORG/ NCY

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

ESTUDO ORGÁNICO E FUNCIONAL
DA XUNTA DE GALICIA

PROPOSTA DUN CADRO
DE CLASIFICACIÓN

02

/ REALIZACIÓN

SUBDIRECCIÓN XERAL
DE ARQUIVOS E MUSEOS

/ COORDINACIÓN

GABRIEL QUIROGA BARRO

/ SERVIZO DO SUBSISTEMA
DE ARQUIVOS DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA

M.^a DEL MAR GARCÍA MIRAZ
ANTONIO DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ
RODRIGO SILVA POCEIRO
M.^a DEL CARMEN VARELA MOSQUERA
DAVID F. MARTÍNEZ SUÁREZ

/ ARQUIVO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

ALFONSO CASCUDO RASILLA
HELENA CARRO CRUZ
NIEVES MARTÍNEZ DEBÉN

03

PÁX /

010 / OBXECTIVOS

011 / UTILIDADE

011 / ESTRUTURA

083 / LEXISLACIÓN

107 / CADRO DE
CLASIFICACIÓN

ESTUDO ORGÁNICO
E FUNCIONAL

- 015 /** XUNTA
DE GALICIA
- 016 /** FUNCIÓNS
- 018 /** ALTA DIRECCIÓN
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA
- 021 /** ADMINISTACIÓNS
PÚBLICAS
- 026 /** ECONOMÍA
E FACENDA
- 030 /** COMERCIO
E CONSUMO
- 034 /** CULTURA
- 037 /** DEPORTE
- 040 /** EDUCACIÓN
E INVESTIGACIÓN
- 044 /** INDUSTRIA
- 048 /** MEDIO
AMBIENTE
- 052 /** MEDIO
RURAL
- 055 /** PESCA
- 058 /** POLÍTICA
LINGÜÍSTICA
- 060 /** POLÍTICA
TERRITORIAL
- 065 /** SANIDADE
- 069 /** SEGURIDADE
E INTERIOR
- 073 /** SERVIZOS
SOCIAIS
- 077 /** TRABALLO
- 080 /** TURISMO

06

ROBERTO VARELA FARIÑA
CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO

Coa creación do Arquivo de Galicia, proxecto no que está a traballar na actualidade a Consellería de Cultura e Turismo, se materializará un dos obxectivos principais deste departamento en materia de arquivos.

O Arquivo de Galicia constitúe unha infraestrutura cultural imprescindible que se acha á altura da importancia que posúe o patrimonio documental da Comunidade Autónoma. Este centro, ademais de atender ás necesidades arquivísticas da propia Administración Autonómica, permitirá representar no imaxinario colectivo dos galegos o interese e significación do conxunto dos bens culturais que posúen esa natureza documental e se atopan dispersos pola xeografía de Galicia ou fóra dela.

Neste sentido, o Arquivo, que terá a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia, fará visible boa parte do noso patrimonio arquivístico e ofrecerá a posibilidade de coñecelo e gozalo a través do acceso público.

Pero para representar ese papel simbólico, non abonda cun fermoso edificio. Os soños precisan a cotío algo máis que un sustento material. É necesario que ese centro, que xa está rematado, ofreza pronto os froitos da súa actividade. Soamente así os cidadáns poderán comprender a súa verdadeira utilidade

Os arquivos cumplen un papel administrativo e cultural; poderíase dicir que representan a cultura da Administración porque constitúen o precipitado material das normas, dos procedementos, dos actos, da forma de traballar dos organismos públicos. Por iso, un estudo *orgánico-funcional* da Administración representa o paso inicial de calquera programa de traballo arquivístico. Os arquiveiros necesitan coñecer a Administración para entender a súa realidade documental. Necesitan identificar os órganos, as funcións e os procedementos para dar conta de por que se producen os documentos que logo ateigan as oficinas e os arquivos.

Este traballo de contextualización é fundamental para conservar na diacronía a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a disponibilidade dos documentos. Porque serán esas características as que lle outorguen o seu verdadeiro valor para a Administración, para os cidadáns e para os historiadores.

Estas son as liñas que guiaron a realización deste traballo. Saúdoo con ledicia como se festexan os primeiros froitos dunha colleita que confío sexa faturenta.

08

JOSÉ MANUEL REY PICHEL
DIRECTOR XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

No deseño e posta en marcha efectiva do Sistema de arquivos de Galicia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está a planificar e a realizar diferentes accións. Por unha banda, existen iniciativas normativas que sentarán as bases do futuro desenvolvemento, por outra, estanse a executar xa algúns proxectos concretos.

Entre as propostas de normas reguladoras, áchanse a creación oficial do *Arquivo de Galicia* e a fixación das súas funcións en relación co sistema ou a posta en marcha da *Comisión de Avaliación Documental de Galicia e a regulación da valoración e selección de documentos*. Da mesma forma, prevese a publicación de normas técnicas sobre transferencias, préstamos, manipulación e consulta de documentos nos arquivos.

Os proxectos que se están a desenvolver en primeiro lugar son a realización dunha *enquisa para actualizar o coñecemento da realidade documental da Xunta*, que sirva de base para futuras accións de planificación e de actuación, e a realización dun concurso público para impulsar os traballos de identificación e valoración documental no Arquivo de Galicia que proporcionen os estudos necesarios para a posta en marcha efectiva da Comisión de Avaliación, unha vez creada e constituída.

Neste contexto enmárcase a realización e publicación deste *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia*. A súa importancia estratéxica será decisiva porque permitirá sentar as bases de todo o traballo arquivístico que se desenvolva nos próximos anos e facilitará a creación dun sistema de xestión documental da Administración de Galicia.

Un sistema de xestión documental constitúe unha parte fundamental da xestión administrativa e convértese nunha ferramenta esencial para o desenvolvemento dun *sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo*.

Coa publicación da Lei estatal 11/2007, do 22 de xuño, *de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos*, e dos tres reais decretos que desde fins de 2009 a desenvolveron, estes presupostos cobran todo o seu significado e actualidade. Porque ao considerar a xestión documental desde o mesmo inicio da xestión do procedemento administrativo (e incluso no momento anterior da planificación), estas normas legais, recollendo o xa establecido por normas técnicas internacionais, subliñan a importancia das funcións que calquera arquivo desenvolvía tradicionalmente: a identificación e documentación exhaustiva do contexto orgánico, funcional e procesual de producción documental que permiten conservar e recuperar en todo momento a autenticidade, fiabilidade, integridade e disponibilidade deses testemuños da actividade administrativa.

Desde o punto de vista do patrimonio documental, a producción documental dixital constitúe un desafío de primeiro orde. É un reto que cómpre encarar con decisión e rigor. Con este espírito de traballo publicase este estudo.

010

OBXECTIVOS

A palabra *arquivar* designa unha acción que adota asociarse coa fase final do procedemento administrativo. Neste senso, arquivar supón un movemento físico que equivale a concluir, a poñer fóra da circulación, e por tanto do interese, un expediente, substituído na atención do funcionario ou do directivo por outros asuntos e documentos máis urxentes. Por iso, a expresión *arquívese* equivale case a unha sentenza, se non de morte, si de inutilidade, e en todo caso, de esquecemento sequera temporal do documento sobre o que se dita.

Para un arquiveiro, arquivar é máis unha operación conceptual que física, e significa antes que outra cousa situar o documento no seu contexto administrativo. Porque só este contexto é o que lle proporciona o seu carácter de testemuño auténtico e intelixíbel dos actos administrativos ou xurídicos dos que é expresión, e garante así a súa fiabilidade, integridade e usabilidade en todo momento.

Esta forma de considerar a acción de arquivar e o propio concepto de arquivo implica un profundo cambio na forma tradicional de concibir a función documental e arquivística¹, que pasa así a formar parte da xestión administrativa no seu conxunto, coa que se desenvolve de forma simultánea, sen agardar á fase final do procedemento administrativo. Permite ademais ser aplicada a toda clase de xestión administrativa, ben sexa a que se desenvolve no medio tradicional do papel, ben sexa a administración electrónica ou **e-Administración**.

Para situar os documentos no seu contexto administrativo é necesario, parafraseando unha definición do denominado proceso de identificación arquivística, *investigar e sistematizar as categorías administrativas en que se sustenta a estrutura dun conxunto documental*. Se este proceso se desenvolve nas propias oficinas administrativas ou nos primeiros niveis arquivísticos (arquivos centrais), centrarase na análise dos

procedementos administrativos e das series documentais que se forman coa súa aplicación continua da no tempo. Se se realizan nun arquivo intermedio e histórico, aspirará a reconstruír todas as categorías administrativas que proporcionan o seu sustento legal e conceptual a todo un fondo documental, ao conxunto de todos os documentos producidos por un organismo ou institución.

O presente traballo ten precisamente como obxectivo efectuar o estudo institucional e funcional que permitirá sentar as bases para desenvolver un verdadeiro sistema de xestión de documentos, en formato tradicional ou electrónico, da Xunta de Galicia.

É un traballo iniciado hai tempo no *Arquivo Xeral da Xunta de Galicia* baixo a dirección do seu xefe de sección, Alfonso Cascudo Rasilla. Agora, coa incorporación, a mediados do ano 2008, dos primeiros traballadores do Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma (*Arquivo de Galicia*), nivel arquivístico superior que culmina a organización arquivística da Xunta, toma corpo neste documento, que debe considerarse o punto de partida dun ambicioso programa de tratamento integral dos documentos producidos pola Xunta de Galicia.

Este proxecto debe ir acompañado, por un lado, das normas que dean cobertura legal ás decisións que nun próximo futuro afecten de forma global ou parcial ao sistema de xestión documental que se implante. Por exemplo, e en primeiro lugar, á publicación de táboas de valoración e selección e ás accións que impliquen a conservación permanente ou a eliminación de series documentais, como un dos resultados concretos que resulten do proceso que agora iniciamos. Neste sentido, existe xa un borrador de *Decreto polo que se crea a Comisión de Avaliación Documental de Galicia e se regula o procedemento de valoración e selección de documentos*, unha disposición longamente esperada polos profesionais dos arquivos de Galicia.

Por outro, é necesario afondar no coñecemento da realidade documental da Xunta de Galicia, nun contexto no que áinda non existe, na maioría dos casos, un control directo da producción documental por parte das diferentes consellerías e entidades que a constitúen. Para iso, acometerase, primeiro, unha nova enquisa de arquivos do Subsistema da Administración Autonómica (realizouse unha primeira prospección no ano

1 Naturalmente, falamos máis dun cambio conceptual para os xestores administrativos que para os arquiveiros, que hai moito tempo que estamos convencidos da necesidade de concibir a xestión documental como unha parte (fundamental) do traballo arquivístico.

2004); despois, e en varias fases, un plan de identificación e valoración de series documentais, no que se priorizarán aquelas que carezan de valor permanente e presenten un maior volume.

UTILIDADE

Este estudio constitúe o fundamento de todo o traballo de xestión documental e arquivístico posterior. Por iso, permitirá:

- Iniciar con seguridade o traballo de identificación e valoración de series documentais da Xunta de Galicia, para os efectos da eliminación daquelas que non posúan valor arquivístico.
- Colaborar de forma efectiva na implantación da e-Administración.
- Iniciar o traballo de descripción do fondo documental da Xunta de Galicia, con obxecto de facer verdadeiramente accesibles os seus documentos.
- Elaborar un sistema de información arquivístico e administrativo, accesible na intranet da Xunta e na internet, útil a calquera membro da organización para mellorar a xestión documental e facilitar a accesibilidade aos documentos.
- Favorecer un mellor coñecemento do Arquivo de Galicia e do Sistema de archivos da Xunta de Galicia.

ESTRUCTURA

Na formulación inicial deste proxecto, o equipo técnico do Arquivo de Galicia [na actualidade, Servizo do Subsistema de Archivos da Comunidad Autónoma e Arquivo Xeral da Xunta de Galicia], interrogouse sobre a conveniencia de considerar o conxunto dos documentos producidos pola Xunta de Galicia e polos órganos e entidades dela dependentes como un único fondo documental ou como varios. Esta discusión arquivística, que debería plasmarse nun cadre de clasificación de carácter orgánico-funcional (cun nivel orgánico superior, o da Xunta, coas súas correspondentes divisións funcionais) ou simplemente funcional (prescindindo do nivel superior), e que presenta vantaxes e inconvenientes desde o punto de vista técnico, segue aberta, pero foi resolvida a favor do segundo modelo.

A favor da concepción unitaria (orgánico-funcional, pois) xoga o feito de que o Estatuto de autonomía de Galicia outorga á Xunta e ao seu presidente un tratamento singular e unitario (capítulo II, artigos 15º-19º), ben como órgano de goberno, que actúa de forma conxunta, ben como cabeza da organización que debe desenvolver as funcións administrativas da Comunidade Autónoma.

A favor da concepción funcional de agrupacións separadas pesa a evidencia de que o actual conxunto documental de orixe pública custodiado polo Arquivo de Galicia tivo entre os seus produtores a diversos órganos periféricos da Administración xeral do Estado anteriores, e por tanto alleos, á estrutura da propia Xunta de Galicia.

En todo caso, había que tratar de desenvolver unha estrutura documental baseada en funcións, non en órganos, dada a continua variabilidade destes de acordo coas necesidades políticas e administrativas, que son cambiantes². Por outra banda, na actualidade, as normas internacionais de descripción de autoridades [ISAAR (CPF)³] e de funcións [ISDF⁴] proporcionan xa as ferramentas conceptuais necesarias para resolver tecnicamente o problema da representación do contexto arquivístico.

Aceptado este principio, o problema consistiu en identificar aquellas grandes áreas funcionais que permitisen construír unha estrutura de clasificación estable para o fondo documental. Como resultado da

2 Como é ben coñecido, un traballo pioneiro neste sentido foi o desenvolvido desde o ano 1992 no Concello de Barcelona baixo a dirección de Ramón Alberch: ALBERCH I FUGUERAS, Ramón. La clasificación uniforme de los documentos. Ventajas y límites. *Boletín de ANABAD*, XVIII (1998), nº 2, p.37.

3 INTERNATIONAL COUNCIL ON ARCHIVES. ISAAR (CPF). *Norma Internacional sobre los Registros de Autoridad de Archivos relativos a Instituciones, Personas y Familias. Traducción española de ISAAR (CPF). International Standard Archival Authority Records for Corporate Bodies, Persons and Families*. Segunda edición. 2004. Accesible en internet en <http://www.ica.org/biblio.php?pdocid=144>. [Consulta de 22-3-2010]

4 INTERNATIONAL COUNCIL ON ARCHIVES. ISDF : *Norma Internacional para la descripción de funciones*. Madrid: Ministerio de Cultura, 2007

análise das competencias dos diferentes órganos produtores de documentos e do estudo da súa evolución orgánica, estableceronse as 18 que finalmente configuran as seccións en que se articula o cadro de clasificación no que se sustentará a organización do conxunto.

A estrutura do traballo reflicte esta secuencia: abre-se coa breve representación da historia institucional da Xunta de Galicia e a definición das grandes árees funcionais mencionadas. A continuación, describense cada unha das árees funcionais seguindo unha orde que dispón, en primeiro lugar, as tres funcións transversais a toda a organización (Alta dirección da Comunidade Autónoma, Administracións públicas e Economía e facenda), e, a continuación, de forma alfabética, as restantes.

Para cada función enuméranse, por orde cronolóxica, os correspondentes órganos produtores de documentos. Logo ofrécese un resumo, o máis breve posible en cada caso, da súa historia institucional.

Cada capítulo da historia institucional condensa, segundo o esquema proposto por NOGADA (Norma galega de descripción arquivística)⁵, a información descriptiva que en breve se ha cargar na área correspondente da aplicación informática de descripción documental en liña con que conta o Arquivo para representar cada unha das agrupacións documentais funcionais e as súas correspondentes fraccións de serie que custodia. Esta norma baséase, como é sabido, na norma internacional ISAD (G) (Norma internacional de descripción arquivística). Pola súa vez, a información da historia institucional constitúe o precipitado dun traballo previo de identificación de órganos e de funcións, realizado seguindo os estándares, xa citados, ISAAR (CPF), e ISDF, ademais de ARANOR (Norma aragonesa de descripción de autoridades).⁶

5 GRUPO DE TRABALLO DE ARQUIVOS DE GALICIA. *Norma galega de descripción arquivística (NOGADA). Proposta inicial*. Maio de 2008. Accesible en internet en <http://groups.google.es/group/anabadgalicia/browse_thread/thread/3609e9b7c0ebf103>[Consulta: 16 de novembro de 2009]

6 GRUPO DE TRABAJO DE AUTORIDADES DE ARAGÓN. ARANOR: *Norma aragonesa para la descripción de autoridades de archivos*. Zaragoza: Gobierno de Aragón, Departamento de Educación, Cultura y Deporte, 2008

A tal fin, deseñáronse uns modelos específicos de fichas de autoridades e de funcións con obxecto de facer o seguimento pormenorizado de cada unha delas. Despois, esta información foi vertida a unha base de datos web deseñada para o efecto polo equipo informático do Servizo. Esta base de datos permite relacionar de forma rápida e efectiva diferentes campos de autoridades, funcións e normativa de aplicación.

Segue un capítulo de lexislación, elaborado con idéntico criterio funcional, que agrupa tanto para o conxunto da Xunta de Galicia como para cada unha das árees nomeadas todas as normas de estrutura orgánica producidas desde o ano 1982. Finalmente, preséntase unha proposta de cadro de clasificación funcional do fondo documental.

O CADRO DE CLASIFICACIÓN

O Cadro de clasificación do fondo documental constitúe o instrumento que reflicte de forma sintética o traballo arquivístico de investigación sobre as diferentes categorías administrativas. Así resume a estrutura do fondo documental, ratificando a súa esencia xerárquica e traducindo na práctica a aplicación dos principios arquivísticos fundamentais de procedencia, estrutura e orde orixinal.

Na elaboración do cadro de clasificación documental buscosse aplicar o criterio funcional en todos os niveis co maior grao de uniformidade posible⁷, pero procurando que este obxectivo non se conseguise ao prezo de facer totalmente irrecoñecibles as funcións específicas previamente identificadas⁸. Así, partindo do modelo proposto no seu día por Mateo Páez⁹,

7 ALBERCH I FUGUERAS, Ramón. La clasificación uniforme..., op. cit., p. 36.

8 Desde un punto de vista administrativo pódese distinguir entre *funcións comunes* a calquera organismo, que facilitan a súa organización interna (dirección, xestión administrativa, incluíndo a do persoal, e xestión económica), e *funcións específicas*, propias de cada área de especialización da actividade dunha institución.

9 PÁEZ GARCÍA, Mateo. *Cuadro de clasificación funcional para fondos de archivos de el Subsistema autonómico andaluz. El fondo de la Consejería de Agricultura y Pesca*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Agricultura y Pesca, 2002

defínironse en todas as grandes áreas funcionais tres subáreas básicas para as denominadas funcións comúns: *Dirección, Xestión Administrativa e Xestión Económica* (denominadas, respectivamente, *Goberno, Administración e Economía-Facenda*, na proposta de Páez).

No que respecta ás funcións específicas, optouse, ben por crear, de acordo coa diferente extensión e complexidade de cada área competencial, un primeiro nivel con subdivisións baseadas en funcións subordinadas á principal (así, por exemplo, en Servizos sociais, definíronse as subfuncións *Benestar social, Inclusión social e Igualdade, e Emigración*; en cultura, *Promoción cultural e protección do patrimonio*; en Administracións públicas, *Administración autonómica, Administración local e Administración de xustiza...*), ben por aplicar directamente, de forma simplificada, as subdivisións propostas no estudio citado, é dicir, *Ordenación/regulamentación; Fomento / Promoción / Desenvolvemento; Investigación e Formación; e Avaliación / Control / Seguimento / Inspección*. Estas subdivisións pretenden representar de forma sistemática e integral os tipos de actividade administrativa que realiza unha administración como a de Galicia. Con isto conséguese unha estrutura uniforme que facilitará tanto a comprensión global da propia actividade administrativa da Xunta coma unha ferramenta para a identificación e clasificación das diferentes series documentais.

Os grandes epígrafes do cadro de clasificación proposto son os seguintes:

1. Alta dirección da Comunidade Autónoma
2. Administracións públicas
3. Economía e facenda
4. Comercio e consumo
5. Cultura
6. Deporte
7. Educación e investigación
8. Industria
9. Medio ambiente
10. Medio rural
11. Pesca
12. Política lingüística
13. Política territorial
14. Sanidade

15. Seguridade e interior
16. Servizos sociais
17. Traballo
18. Turismo

O resultado é unha proposta de traballo que agora debe ser contrastada coa realidade documental xa presente en todos os niveis arquivísticos do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia e modificarse e completarse de acordo cos resultados do proceso de identificación das series documentais. Unha proposta que debe contemplarse como un paso máis para a posta en marcha dun verdadeiro sistema de xestión documental na Xunta de Galicia que faga fronte a retos de tanto calado como o da implantación da Administración electrónica.

Pero os obxectivos con que naceu e se desenvolveu esta proposta non estarían completos se esta non servise tamén como guía administrativa para calquera funcionario ou directivo da Xunta de Galicia. A este ambicioso fin responde tamén. Se o conseguísemos, acadaríamos tamén un dos anhelos de todo arqueíxo: que o seu traballo sexa recoñecido como factor e instrumento de mellora e de racionalización administrativa.

015

A XUNTA DE GALICIA

Galicia constitúuse como Comunidade autónoma mediante unha lei básica, o Estatuto de autonomía, aprobado en 1981. O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 9º, que os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través da Xunta e do seu Presidente, ademais de polo Parlamento.

O Parlamento é elixido por un período de catro anos a través dun sistema de representación proporcional que toma como circunscripción electoral a provincia. Entre as súas funcións está o exercicio da potestade lexislativa da Comunidade autónoma, o control da acción executiva da Xunta, a aprobación dos seus orzamentos, a designación para cada lexislatura das Cortes Xerais dos senadores representantes da Comunidade autónoma galega, e a elección de entre os seus membros do presidente da Xunta de Galicia. Será o presidente quen designe aos restantes membros da Xunta.

En 1983 publicase a Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, que será modificada parcialmente pola Lei 11/1988 do 20 de outubro. No seu artigo primeiro, establece que a Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia. Dirixe a política e a

Administración da Comunidade Autónoma e exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo co Estatuto de autonomía e as leis. No artigo segundo, sinala que está composta polo presidente, vicepresidente ou, de ser o caso, vicepresidentes e os conselleiros. No ano 1982, publicase o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia (Decreto 76/1982 de 21 de Abril). Del volverán ocuparse os decretos 111/1984 de 25 de maio, polo que se aproba o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, e 57/1994 de 25 de marzo, de modificación do regulamento 111/1984 de réxime interior da Xunta de Galicia.

Baseándose no establecido na Constitución española e mediante sucesivos procesos de transferencias, a Comunidade autónoma irá asumindo unha ampla gama de competencias que exercerá de forma exclusiva ou compartida. Creará para iso unha estrutura administrativa que irá evolucionando marcada polo ritmo, tanto do proceso de transferencias, como dos cambios políticos.

Podemos agrupar estas competencias nas seguintes áreas de actuación, que constitúen as seccións funcionais en que se divide o fondo documental da Xunta de Galicia:

016

01 /
ALTA DIRECCIÓN
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA

10 /
MEDIO
RURAL

02 /
ADMINISTRAZIONES
PÚBLICAS

11 /
PESCA

03 /
ECONOMÍA
E FACENDA

12 /
POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

04 /
COMERCIO
E CONSUMO

13 /
POLÍTICA
TERRITORIAL

05 /
CULTURA

14 /
SANIDADE

06 /
DEPORTE

15 /
SEGURIDADE
E INTERIOR

07 /
EDUCACIÓN
E INVESTIGACIÓN

16 /
SERVIZOS
SOCIAIS

08 /
INDUSTRIA

17 /
TRABALLO

09 /
MEDIO
AMBIENTE

18 /
TURISMO

EVO / EVOLUCIÓN

Con anterioridade á publicación da Constitución española de 1978 e de acordo co establecido na Lei para a reforma política, apróbase, mediante Real decreto lei 7/1978, de 16 de marzo, o réxime preautonómico para Galicia (BOE núm. 66, do 18 de marzo). Cúmprese así unha vella reivindicación autonómista que se remonta ao século XIX e que, a piques de facerse realidad durante a Segunda República, fora abortada polo estalido da Guerra Civil. Institúese a Xunta de Galicia, que estará composta durante este período transitorio por once membros elixidos polos deputados e senadores que foran proclamados nas anteriores eleccións xerais a Cortes en Galicia, os tres senadores de designación real e por un representante de cada unha das deputacións provinciais galegas. Terá facultades de autoorganización, executivas e administrativas para xestionar e administrar as funcións e servizos que lle transfiran a Administración do Estado e as deputacións galegas. O presidente será elixido por eses once membros entre eles mesmos. En 1979, mediante a aplicación do Real decreto 1029/1979, de 4 de maio (BOE núm. 109, de 7 de maio) e trala celebración de eleccións municipais e xerais, estes órganos de goberno serán renovados.

Polo decreto 1/1978, do 8 de maio (BOXGA núm. 1, xaneiro de 1979) apróbase un Regulamento de réxime interno que permitirá o establecemento dos departamentos en que se estrutura a Xunta para o exercicio das súas competencias. Serán neste momento un total de dez: Presidencia, Secretaría Xeral, Agricultura, Gandaría e Montes, Cultura, Educación e Ciencia, Enerxía, Industria e Comercio, Ordenación do Territorio, Pesca, Sanidade e Seguridade Social e Traballo .

En abril de 1981 é aprobado o Estatuto de autonomía de Galicia. Na súa disposición transitoria cuarta establece que, unha vez constituída a Xunta, e coa finalidade de transferir a Galicia as función e atribucións que lle correspondan, deberá crearse unha Comisión mixta paritaria integrada por representantes do Estado e da Comunidade autónoma. Polo Decreto 16/1981, do 27 de abril, e de acordo co establecido no Real decreto 2968/1980, de 12 de decembro e orde da Presidencia do Goberno de 25 de marzo de 1981, o Pleno da Xunta , en sesión do 27 de abril de

1981, a proposta do seu presidente, acordou nomear os representantes da Xunta nas comisións mixtas de transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia.Tralas eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o 20 dese mesmo ano, comeza a súa andadura o primeiro goberno autonómico.

EST / ESTRUTURA

Partindo da estrutura do réxime preautonómico, a organización iniciará o seu desenvolvemento.

De acordo co establecido no Regulamento de réxime interno, polo Decreto 20/1981, do 18 de maio, o Pleno da Xunta aproba as normas básicas da estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Tomando o modelo da Administración central, cada unha delas contará con dous tipos de órganos: unha secretaría xeral (Polo Decreto 119/82, do 5 de outubro se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas, logo convertidas en secretarías xerais. DOG núm. 23, do 27 de outubro) responsable de controlar, coordinar e asistir tecnicamente a actividade do departamento, e as direccións xerais que sexan necesarias para a xestión da súa área competencial. Por debaixo delas sitúanse subdireccións xerais, servizos, seccións e negociados. Poderán existir ademais órganos de asistencia inmediata ao conselleiro, consellos asesores ou comisións de traballo.

Tanto o número de consellerías (once consellerías e un conselleiro adxunto ao presidente, no ano 1982) como a súa organización interna irán variando ao longo do tempo. No entanto, e a pesar de non cesar estas variacións, podemos dicir que a Administración autonómica, desde a década dos anos 90, en que se inicia un programa de modernización para mellorar o seu funcionamento, estará xa consolidada¹⁰.

10 V. Bouzas Lorenzo, Ramón. La organización administrativa de la Xunta de Galicia: 20 años de autonomía. Working Papers núm. 235. Institut de Ciències Polítiques i Socials. Barcelona, 2004

018

FUN / FUNCIÓN

ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Presidencia da Xunta de Galicia	(1982/...)
Vicepresidencia para a Coordinación Administrativa	(1982)
Vicepresidencia da Xunta de Galicia	(1982/1983)
ConSELLERÍA DA PRESIDENCIA	(1982/1987)
Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos	(1983/1986)
Vicepresidencia Segunda para Asuntos Económicos	(1983/1984)
ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E FINANZAS. DIRECCIÓN XERAL DO CONTENCIOSO	(1983)
ConSELLERÍA DE FACENDA. DIRECCIÓN XERAL DO CONTENCIOSO	(1983)
ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E COMERCIO. DIRECCIÓN XERAL DO CONTENCIOSO E DO PATRIMONIO	(1983/1984)
Vicepresidencia da Xunta de Galicia	(1986/1988)
ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	(1987/2001)
ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA. DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E PRESUPUESTOS	(1988/1990)
ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA. DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E RELACIONES COA CEE	(1990/1994)
ConSELLERÍA DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBIERNO	(1990/1993)
ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA. DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E RELACIONES COA UNIÓN EUROPEA	(1994/1997)
CONSELLEIRO SEN CARTEIRA PARA ASUNTOS PARLAMENTARIOS	(1996)
ConSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL.	(1996/1997)
ConSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO	(1997/2005)
CONSELLEIRO SEN CARTEIRA PARA ASUNTOS INSTITUCIONAIS	(2000/2001)
ConSELLERÍA DE EMIGRACIÓN E COOPERACIÓN EXTERIOR	(2001/2003)
ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	(2001/2005)
Vicepresidencia Primeira da Xunta de Galicia	(2004/2005)
Vicepresidencia Segunda da Xunta de Galicia	(2004/2005)
ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA	(2005/...)
Vicepresidencia da Igualdade o do Benestar	(2005/2009)
ConSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE. SERVIZO DE ESTUDOS E PUBLICACIÓNS	(2005/2008)
ConSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE. SERVIZO DO LIBRO E PUBLICACIÓNS	(2008/2009)
ConSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. SERVIZO DO LIBRO E PUBLICACIÓNS	(2009/...)

HIST / HISTORIA

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 9º, que os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través da Xunta e do seu Presidente, ademais de polo Parlamento. Serán funcións do Presidente, de acordo co artigo 15, dirixir e coordinar a acción da Xunta e ostentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia, todo elo no marco do disposto no artigo 27.1, que determina a competencia exclusiva da Comunidade para organizar as súas institucións de autogoberno.

A función de Alta dirección da Administración da Comunidade Autónoma deriva destas facultades e engloba os seguintes bloques: a dirección e coordinación da acción de goberno e do programa lexislativo, as relacións institucionais a diferentes niveis, destacándose entre elles as relacións co Parlamento de Galicia, a relación cos medios de comunicación e a difusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia e, finalmente, o asesoramento legal á Comunidade Autónoma en tódalas súas actuacións.

EVO / EVOLUCIÓN

Ademais de polo Presidente, a función será exercida polo Vicepresidente ou Vicepresidentes, de ser o caso, o Consello da Xunta, a Consellería da Presidencia, que se configura como órgano de apoio ao presidente e ao vicepresidente e por outros órganos con rango de consellería, secretaría ou dirección xeral.

No ano 1983 configúranse dúas vicepresidencias (a Vicepresidencia para Asuntos Políticos e a Vicepresidencia para Asuntos Económicos) volvendo á vicepresidencia única no período comprendido entre 1986 e 1988. Suprimida neste último ano, reaparecerán dúas vicepresidencias no ano 2004 para unificárense novamente en 2005, co nome de vicepresidencia da Igualdade o do Benestar, que incorpora ademais novas competencias. Desaparecerá despois da reestruturación levada a cabo no ano 2009.

EST / ESTRUTURA

Para o ejercicio das súas funcións de dirección e representación, o Presidente da Xunta contará basicamente cun órgano de apoio inmediato: a Secretaría Particular, logo denominada Secretaría Xeral do Presidente.

A acción de goberno é desenvolvida por órganos executivos de carácter colexiado: a Comisión de Secretarios Xerais e o Consello da Xunta de Galicia. A primeira, integrada polos secretarios xerais de cada consellería, terá carácter técnico. O segundo, de rango superior, está integrado polos conselleiros, vicepresidentes no seu caso, e máis o presidente, e terá carácter político. O titular da Consellería da Presidencia actuará como secretario das sesións celebradas polo Consello da Xunta de Galicia e a Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia desempeñará o secretariado do Goberno da Xunta de Galicia, segundo se sinala no Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia. O secretario xeral será ademais o vicepresidente da Comisión de Secretarios xerais técnicos, e levanta acta das reunións da mesma para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Da coordinación administrativa na Comunidade Autónoma e das relacións coa Administración Central do Estado ocuparase en determinados períodos o vicepresidente da Xunta. Tamén a Consellería da Presidencia, ben a través da súa secretaría, ben de direccións xerais de carácter específico, terá competencias nesta materia. Ademais, entre 1990 e 1994 haberá unha Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno e entre 2000 e 2001 un conselleiro sen carteira que se fará cargo das relacións institucionais.

A cooperación institucional e a configuración da imaxe de Galicia no exterior está encamiñada nun primeiro momento a establecer relacións coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Pouco a pouco o abano de actuacións vaise ampliando. A Comunidade Autónoma terá certa participación nos asuntos europeos e na cooperación internacional para o desenvolvemento. Exercerán estas funcións órganos directamente dependentes da Presidencia da Xunta, da Consellería de Presidencia, da Consellería de Economía e Facenda e da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior.

020

A necesidade de coordinar as propostas realizadas polos distintos órganos da Administración e de unificar as respostas do Goberno galego diante do Parlamento levará á creación no ano 1982 da Dirección Xeral para as Relacións co Parlamento, dentro da Consellería da Presidencia. Desde este ano, esta función foi exercida por órganos de competencia específica ou por órganos encargados das relacións institucionais, dependentes, segundo o momento, da Consellería da Presidencia, da Presidencia da Xunta, da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno ou dun conselleiro sen carteira para asuntos parlamentarios.

Da relación cos medios de comunicación nos aspectos que teñen que ver coa imaxe institucional da Xunta de Galicia ocupáronse as consellerías de Presidencia, de Cultura e Comunicación Social ou órganos directamente dependentes do presidente.

A imaxe institucional será tamén difundida a través de publicacións, das que se encargará o Servizo Central de Publicacións dependente da Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia, responsable tamén do Diario Oficial de Galicia. A partir do ano 2002 vaise ocupar únicamente desta publicación oficial, o resto das publicacións da Xunta de Galicia serán competencia do Servizo de Estudos e Publicacións que se crea na Subdirección Xeral de Promoción Cultural e do Libro e Bibliotecas, dentro da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

A función de asesoramento legal encoméndaselle á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Creada como órgano adscrito á Vicepresidencia, pasará a depender, segundo os diferentes momentos, da Consellería de Economía, Facenda e Comercio (Dirección Xeral do Contencioso e do Patrimonio), da Consellería da Presidencia ou da Presidencia da Xunta de Galicia.

021

FUN / FUNCIÓN

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Xustiza e Interior	(1982/1983)
Consellería de Presidencia	(1982/1987)
Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos	(1983/1984)
Consellería de Presidencia e Administración Pública	(1987/2001)
Consellería de Xustiza, Interior e Relaciós Laborais	(1993/2003)
Consellería de Presidencia, Relaciós Institucionais e Administración Pública	(2001/2005)
Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local	(2003/2005)
Consellería de Presidencia, Administraciós Públicas e Xustiza	(2005/...)
Consellería de Facenda. Dirección Xeral de Función Pública	(2009/...)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica	(2009/...)
Escola Galega de Administración Pública (EGAP) ¹¹	(1987/...)

11 A EGAP creouse por Decreto 163/1982, do 1 de decembro, como órgano administrativo sen personalidade xurídica propia. Posteriormente, e pola Lei 4/1987, do 27 de maio (modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo), constitúese nun organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Presidencia, Administraciós Públicas e Xustiza con personalidade xurídica propia e con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus obxectivos.

HIST / HISTORIA

Segundo establece a Constitución española no seu artigo 148.1.1, as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de organización das súas institucións de autogoberno. A Comunidade Autónoma de Galicia ten de forma exclusiva competencia nesa materia e nas normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específicodereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos (artigo 27º do Estatuto de autonomía); e, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado, poderá crear e estruturar a súa propia Administración pública (artigo 39º). Ademais, é da súa competencia o desenvolvemento lexislativo e a execución das leis do Estado no que se refire ao réxime xurídico desa Administración e réxime estatutario dos seus funcionarios (artigo 28º).

Con respecto á Administración local, a Constitución faculta ás comunidades autónomas a asumir competencias en materia de alteración dos termos municipais comprendidos no seu territorio, e, en xeral, as funcións que correspondan á Administración do Estado sobre as corporacións locais e cuxa transferencia autorice a lexislación sobre réxime local (artigo 148.1.2.º). Así o recolle o Estatuto de autonomía de Galicia (artigo 27.2).

A Comunidade Autónoma galega ten atribuídas competencias e funcións en materia de xestión dos medios materiais e persoais dos órganos xudiciais no seu territorio, na proposta de convocatoria de prazas de maxistrados, xuíces e secretarios xudiciais; en asistencia xurídica gratuita; en formación dos membros da carreira xudicial e membros do Ministerio Fiscal, dos secretarios xudiciais e do restante persoal da Administración de xustiza en Galicia; na proposta de modificación sobre demarcacións xudiciais e a fixación das demarcacións territoriais dos rexistros e notarías; no nomeamento de notarios e rexistradores e nos colexios oficiais ou profesionais; así como en materia de dereito propio de Galicia e na organización e supervisión do funcionamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Ata o ano 2001, en que se supriu o servizo militar obligatorio, tiña tamén funcións relacionadas coa obxección de conciencia.

A Constitución española establece no seu artigo 149.1.5º que o Estado ten competencia exclusiva en materia da administración de xustiza.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que, en relación coa administración de xustiza, correspónelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial reconózcan ou atribúan ao Goberno do Estado (artigo 20º.1).

ADM / ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Partindo da estrutura básica da etapa preautonómica, a Administración autonómica irá aumentando o seu tamaño a medida que se vaian transferindo medios humanos, materiais e económicos procedentes doutras administracións, especialmente da Administración central, da que toma o modelo organizativo. Cada departamento –consellería– encargado dunha grande área de actuación funcional, contará, dependendo do seu titular, con dous tipos de unidades superiores: as direccións xerais, encargadas de xestionar a actividade sectorial, e unha secretaría xeral, responsable de controlar, coordinar e asistir tecnicamente no desenvolvemento da actividade do departamento. Por debaixo deste ámbito político, subdireccións xerais, servizos, seccións e negociados constituirán os órganos de carácter profesional. A estrutura orgánica da Xunta de Galicia será establecida en cada momento mediante decreto do Presidente, logo da deliberación no Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería de Presidencia, segundo o disposto no artigo 4.15º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei de Galicia 11/1988, do 20 de outubro.

Ademais do establecemento da súa estrutura, a Xunta de Galicia terá competencias en materia de normalización e racionalización de normas, procedementos e métodos de traballo e en materia de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega.

En relación co desenvolvemento destas funcións, áchase tamén a organización do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a adquisición do material mobiliario e de oficina, a centralización progresiva da adquisición e

xestión dos bens que regulamentariamente se determinen e a xestión do parque móvil da Xunta de Galicia, tanto no que se refire ao aspecto material como ao persoal.

ADM / ADMINISTRACIÓN LOCAL

Xa na etapa preautonómica foron transferidas á Xunta de Galicia competencias en materia de organización, réxime xurídico, bens e servizos das administracións locais. Na actualidade, correspónelle á Comunidade Autónoma amplas funcións en relación coa *demarcación territorial*, o *réxime xurídico*, os *bens e os servizos das corporacións locais*.

ADM / ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Para facer efectivas as competencias estatutarias, enumeradas nos restantes artigos do capítulo III do título primeiro (artigos 21 a 26), a administración estatal mediante reais decretos, irá paulatinamente traspasando distintas funcións á Comunidade Autónoma de Galicia. Basicamente, as transferencias á Comunidade Autónoma de Galicia materialízanse en dous reais decretos: o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, polo que se lle transfire á comunidade autónoma as funcións e servizos en materia de provisión de medios materiais e económicos, e o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro sobre transferencia de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza.

No ano 1998 se vai a aprobar un Real decreto de ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos reais decretos anteriores en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos para o funcionamento da administración de xustiza na Comunidade Autónoma. Tamén se traspasan as funcións e os servizos que desempeña en Galicia a Administración do Estado sobre provisión de medios materiais e económicos ao servizo de fiscalías e dos institutos de medicina legal ao servizo da Administración de xustiza.

EVO / EVOLUCIÓN

O Decreto 1/1982, do 21 de xaneiro, estruturaría a Xunta de Galicia, de forma que será a *Consellería da Presidencia* a que teña atribucións nestas materias. Ademais, entre 1983 e 1984 a Vicepresidencia primeira para Asuntos políticos estará encargada da coordinación administrativa da administración autonómica. Tras a publicación do Decreto 234/1987, do 29 de setembro, de modificación da estrutura da Xunta, a Consellería da Presidencia pasará a denominarse *Consellería da Presidencia e Administración Pública*. Desde ese momento, e ata o ano 2009, conservará a expresa mención ás súas competencias no referente á Administración pública na súa denominación: *Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública* (2001), *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (2005). A partir da reforma da Xunta de 2009, corresponderalle á *Consellería de Facenda* a execución da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia. Pola súa parte, será a *Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica*, dependente directamente da Presidencia da Xunta, a que teña competencias na planificación, deseño e xestión do modelo de administración electrónica e da súa implantación, da promoción e impulso das reformas administrativas e cambios de procedementos, e en todo o relativo aos sistemas de información.

Polo que respecta ás competencias relacionadas coa Administración local, corresponderánlle á *Consellería de Xustiza e Interior* (1982/1983), *Consellería da Presidencia*, (1983/1987), *Consellería da Presidencia e Administración Pública* (1987/1994), *Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais* (1994/2003), *Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local* (2003/2005) e, finalmente, á *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, onde permanecen desde 2005.

No ano 1997 publicase a Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración local de Galicia, que define o papel que a comunidade autónoma ten en relación coas administracións locais. Regula as entidades locais que a legislación básica do Estado especifica como entes locais territoriais –o municipio e a provincia– e dálle á parroquia rural a condición de ente local

de carácter territorial, deixando a regulación da súa organización, funcionamento e competencias a unha lei posterior do Parlamento de Galicia.

No ano 1982, as competencias en materia de xustiza son assumidas pola *Consellería de Xustiza e Interior*. Un ano despois pasarán a ser desenvolvidas pola *Consellería de Presidencia*, convertida en *Consellería de Presidencia e Administración Pública* no ano 1987. volverá a ter entidade propia no ano 1993 coa creación da *Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais*, denominada *Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local* no ano 2003. A partir do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, de estrutura orgánica da Xunta de Galicia as competencias en materia de xustiza quedarán novamente integradas na agora denominada *Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, onde permanecen ata a actualidade.

EST / ESTRUTURA

No seo da Consellería de Presidencia e das que lle sucederon con competencias no ámbito da xestión da Administración autonómica, a Secretaría Xeral (Secretaría Xeral Técnica nun principio) exercerá, entre outras, as funcións de estudo e documentación propia da consellería, de xestión dos servizos comúns e de asistencia técnica e administrativa ao conselleiro. A Dirección Xeral da Función Pública ten competencias sobre os asuntos relativos ao persoal contratado e funcionario da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Servizos será un órgano de apoio aos servizos xerais de toda a Administración. En 1983, créase ademais a Dirección Xeral de Coordinación Administrativa e Política Interior, dependente da Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos, como órgano encargado da coordinación administrativa da administración autonómica. No ano 1984 fundense estas dúas direccións xerais na denominada Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Denominarase máis tarde Dirección Xeral da Inspección Xeral de Servizos e de Coordinación Administrativa (1988), Inspección Xeral de Servizos (1990) e, finalmente, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas (2005). Será responsable de que os servizos prestados pola Administración se desenvolvan con criterios

de máxima calidade, eficacia e eficiencia. Terá como función principal a normalización de procedementos administrativos e o impulso da modernización e reforma da Administración.

A partir da reforma do ano 2009, a Dirección Xeral da Función Pública pasará a depender da Consellería de Facenda. Da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dependerá a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Presidencia da Xunta, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. A esta Secretaría Xeral quedarán adscritas a Comisión de Informática da Xunta de Galicia e a Comisión Interdepartamental da Sociedade da Información.

Para encargarse da selección, formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, créase no Decreto 163/1982, do 1 de decembro a Escola Galega de Administración Pública como órgano administrativo sen personalidade xurídica propia adscrita á Consellería da Presidencia. Neste mesmo ano créase a Comisión Superior de Persoal da Xunta de Galicia como órgano superior de coordinación, consultas e propostas en materia de persoal, incluso no que afecta a retribucións, tendo que informar preceptivamente todos os proxectos e disposicións que afecten de modo xeral ao persoal da Xunta de Galicia. No ano 2004 créase o Observatorio da Calidade dos Servizos da Xunta de Galicia, co fin de facer un seguimento permanente da evolución da calidade dos servizos da Administración da Comunidade Autónoma. Pasará a denominarse Observatorio da Calidade e de Administración Electrónica de Galicia no ano 2008 (Decreto 117/2008 do 22 de maio. DOG núm.113 do 12 de xuño) e, finalmente Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, no ano 2010 (Decreto 21/2010, do 4 de febreiro. DOG núm. 39, do 26 de febreiro).

As competencias en materia de *Administración local* foron exercidas no seo da Consellería de Xustiza e Interior pola, Dirección Xeral de Administración Local. Despois, cando a Consellería de Presidencia asume esta función, en 1983, convértese en *Subdirección Xeral de Administración Local* dentro da Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación. A partir de 1994 dependerá da *Dirección Xeral de Xustiza e Interior* da Consellería de Xustiza e Relacións Laborais e, no ano 1996 converterase en *Dirección Xeral de*

Xustiza e Administración Local. No ano 2000 cambia o seu nome polo de *Dirección Xeral de Administración Local*, dependente primeiro da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, despois (2003), e finalmente, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (2005).

No ano 1982 créase dentro da Consellería de Xustiza e Interior a Dirección Xeral de Xustiza para ocuparse dos asuntos nestas materias.

Ao ser asumidas pola Consellería de Presidencia, no ano 1983, a dirección xeral ocuparase ademais das competencias en materia de política interior. Esta situación continuará ata o ano 1986, aínda que ao longo deste tempo a súa denominación irá cambiando: Dirección Xeral de Xustiza e Política Interior (1983), Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación (desde novembro de 1983 ata marzo de 1986).

Tras un breve paréntese en que é novamente Dirección Xeral de Xustiza, retomará as competencias en materia de interior, converténdose en Dirección Xeral de Xustiza, Gobernación e Administración Local (desde outubro de 1986) e en Dirección Xeral de Xustiza e Interior na década 1993-2003.

En 1986 incorpora as competencias en administración local (Dirección Xeral de Xustiza, Gobernación e Administración Local). En 1987 convértese en Dirección Xeral de Xustiza e Administración Territorial, en Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais en 1990 e en Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local, en 1996.

Finalmente, a partir de 2005 volve á situación de partida, sendo novamente Dirección Xeral de Xustiza.

026

FUN / FUNCIÓN

ECONOMÍA E FACENDA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Economía e Finanzas	(1982/1983)
Consellería de Economía	(1983)
Consellería de Facenda	(1983)
Consellería de Economía, Facenda e Comercio	(1983/1984)
Vicepresidencia para Asuntos Económicos	(1983/1984)
Consellería de Economía e Facenda	(1984/2009)
Consellería de Economía e Industria	(2009/...)
Consellería de Facenda	(2009/...)
Instituto Galego de Estatística (IGE)	(1988/...)
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	(1992/...)
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI-Galicia, S.A.)	(1997/...)
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	(2000/...)

HIST / HISTORIA

Correspónelle á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de economía, a proposta e execución das directrices da política económica galega, a programación económica a curto e medio prazo, o estudo e proposta das medidas que fagan aconsellables a boa marcha da Comunidade, o estudio, proposta e execución das cuestións relacionadas coa política financeira e en materia de institucións de crédito corporativo, público e territorial e caixas de aforros. En materia de facenda, correspónelle a confección do anteproxecto dos orzamentos xerais da Comunidade, a elaboración do réxime fiscal, parafiscal e patrimonial, a ordenación, xestión e recadación dos dereitos económicos da facenda, a adecuación dos pagamentos do Tesouro, así como a intervención e fiscalización dos actos de contido económico e contabilidade da Comunidade Autónoma. Todo elo, no marco dos obxectivos, planificación e regulamento da política económica estatal.

A Constitución española, que establece como principio reitor da política económica e social a distribución equitativa da renda rexional e persoal (art.40), reserva para o Estado a modernización e desenvolvemento de tódolos sectores da economía (art. 130), o establecemento das bases e a coordinación da planificación xeral da economía (art. 131 e art. 149.1.13º), a potestate orixinaria para esixir tributos (art.133), o sistema monetario: divisas, cambio e convertibilidade; as bases da ordenación do crédito, banca e seguros (art. 149.1.11º), facenda xeral e débeda do Estado (art. 149.1.14º), pero posibilita certa descentralización de competencias en materia de economía e facenda a favor das comunidades autónomas, así como a creación de fontes propias de financiamento. O artigo 148.1.13º establece que as comunidades autónomas poderán asumir como competencia propia o fomento de desenvolvemento económico da súa comunidade, dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional. Ademais dedica os artigos 133.2, 156, 157 e 158 ao modo de financiamento das comunidades autónomas.

Tendo en conta a Constitución, o art. 42 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a comunidade contará, para o desenvolvemento das súas competencias, con facenda e patrimonio propios.

O patrimonio estará integrado polo patrimonio da comunidade no momento de se aprobar o Estatuto, os bens afectos aos servizos traspasados e os bens adquiridos por calquera título xurídico válido (art. 43); a facenda estará constituída, fundamentalmente, por impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado, recargas sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado, e os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais. Establece tamén como fontes de ingresos a emisión de débeda e recurso ao crédito, ingresos dedereito privado, legados e doazóns, subvencións e multas e sancións no ámbito das súas competencias (art. 44).

O traspaso de servizos e funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia realizaase mediante os reais decretos 673/1985, de 2 de abril, 534/1988, do 27 de maio, 1642/1996, de 5 de xullo, e 1748/1999, de 19 de novembro.

EVO / EVOLUCIÓN

Practicamente durante todo o período autonómico as funcións relacionadas co establecemento das directrices da política económica e financeira e as relacionadas coa facenda pública foron desenvolvidas por un mesmo órgano. Tan só durante o breve período de tempo que cubre os meses de marzo a setembro do ano 1983 e na reforma da estrutura da Xunta do ano 2009 se encomandan estas dúas funcións a órganos diferenciados. Os órganos encargados do seu desenvolvemento foron os seguintes: *Consellería de Economía e Finanzas* (1982), *Consellería de Facenda* (marzo-setembro1983), *Consellería de Economía* (marzo-setembro1983), *Consellería de Economía, Facenda e Comercio* (1983), *Consellería de Economía e Facenda* (1984), *Consellería de Facenda* (2009), e *Consellería de Economía e Industria* (2009).

Ademais, polo Decreto 32/1983, do 7 de marzo (DOG núm. 20, do 9 de marzo) créase a Vicepresidencia para Asuntos Económicos da Xunta de Galicia como órgano superior responsable da instrumentalización da política económica do Goberno galego ao que lle corresponde proponer as directrices da política económica e o fomento e planificación da actividade económica en Galicia, en coordinación coa ordenación económica xeral. Esta vicepresidencia será exercida

polo conselleiro de Economía. Desaparecerá no ano 1984 (Decreto 48/1984, do 31 de marzo DOG núm. 65, do 2 de abril).

O progresivo traspaso de servizos e funcións desde a Administración do Estado, irá configurando diferentes etapas.

No que se refire ao financiamento, nun primeiro momento existe un claro predominio das transferencias financeiras do Estado, establecidas en función do custo efectivo das funcións transferidas. Os mecanismos de financiamento estaban constituídos polos tributos cedidos, as transferencias condicionadas e o recurso ao Fondo de Compensación Interterritorial e ao endebedamento.

A partir da Lei orgánica 3/1996, de 27 de decembro e a Lei 14/1996, de 30 de decembro, se amplían os mecanismos de descentralización fiscal coa participación no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e a concesión de potestades normativas ás comunidades autónomas sobre determinados aspectos do tramo autonómico desta retención e dos impostos cedidos en etapas anteriores.

A partir da Lei 21/2001, de 27 de decembro vai-se mellorar a estrutura de recursos das comunidades autónomas coa cesión parcial ou total dalgúns impostos como o IVE ou impostos especiais. Créase o Fondo de Suficiencia, de natureza non tributaria, como mecanismo para equilibrar as necesidades de gasto das comunidades autónomas coa súa capacidade fiscal.

Noutros aspectos podemos destacar o desenvolvemento, a partir de 1984, das competencias e funcións de elaboración, difusión e información estatística coa creación do Centro de Información Estatística (Decreto 148/1984, do 6 de setembro). Inicialmente integrado con categoría de dirección xeral na Consellería de Economía e Facenda, pasará a depender funcionalmente do Presidente da Xunta de Galicia, como órgano de apoio (Decreto 15/1986, do 1 e marzo), aínda que organicamente dependente da Consellería (Decreto 171/1986, do 6 de maio), e finalmente, no ano 1988, vaise constituir o Instituto Galego de Estatística como organismo autónomo, dependente da Consellería (Decreto 291/1988, do 6 de outubro).

Para o seguimento dos efectos económicos da integración de España na Comunidade Económica Europea créase a Dirección Xeral de Coordinación do

Plan Económico (Decreto 116/1985, do 27 de xuño). Coa reestruturación da Xunta de Galicia do ano 1997 a Consellería perderá estas funcións ao crearse a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior como órgano superior adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia.

As competencias en materia de incentivos económicos rexionais e as derivadas da Gran Área de Expansión Industrial de Galicia encoméndanse a partir do Decreto 117/1988, do 19 de xaneiro, á Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos, que asumirá, con posterioridade, as relacionadas co apoio financeiro á pequena e mediana empresa e ao sector produtivo agrario (Decreto 426/1990, do 31 de xullo). A partir da Lei 5/1992, do 10 de xullo, créase o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) como ente de dereito público para a promoción e fomento do desenvolvemento económico, absorbendo así as funcións da dirección xeral.

A partir do ano 1990 a estrutura da consellería vaise adaptar a nova asunción das competencias do INSERSO e do INSALUD. Créase a Dirección Xeral do Réxime Económico da Seguridade Social da Comunidade Autónoma (Decreto 426/1990, do 31 de xullo), que desaparecerá no ano 1992, una vez superada a fase inicial de xestión dos servizos sanitarios transferidos, para integrarse na Dirección Xeral de Presupostos.

No ano 1997 a estrutura da Consellería vaise ver afectada pola intensificación das actuacións de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade, así como pola nova regulación sobre xestión da recadación prevista na lei de presupostos xerais e pola Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforro de Galicia que lle asigna á Consellería de Economía e Facenda unha función inspectora e auditora, sen prexuízo das que lle correspondan ao Banco de España. Neste ano créase a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, como entidade con personalidade xurídica e patrimonio propio que actuará como órgano xestor dos recursos destinados a infraestruturas de titularidade da Xunta de Galicia.

Pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, créase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que se ocupará do fomento e da coordinación do desenvolvemento das áreas rurais galegas e da xestión

dos recursos destinados pola comunidade Autónoma a esta finalidade.

No ano 2004, como consecuencia da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia, créase dentro da estrutura da Secretaría Xeral e do Patrimonio da consellería, o Servizo Galego de Defensa da Competencia como órgano xerarquizado de instrución e vixilancia para o exercicio das funcións que en materia de defensa da competencia lle atribúe o Estatuto de autonomía, en coordinación co Tribunal Galego da Defensa da Competencia, creado pola mesma lei e adscrito á Consellería.

Para facilitar os medios de apoio informático que permitan afrontar e axilizar o traballo derivado destas competencias, en 1983 créase o Centro de Proceso de Datos e Informática Fiscal (Decreto 60/1983, do 6 de abril, polo que se establecen as funcións e estrutura provisoria da Consellería de Facenda -DOG núm. 37, do 22 de abril) como dirección xeral adscrita á Consellería de Facenda, primeiro, e despois dependente da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Facenda e Comercio (Decreto 225/1983, do 24 de novembro, polo que se establecen as funcións e a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Facenda e Comercio. DOG núm. 184, do 7 de decembro). En 1998 é substituído polo Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC), ente de dereito público creado na disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG núm. 68, do 9 de abril) e adscrito á Consellería de Economía e Facenda.

EST / ESTRUTURA

No ano 1982, a Consellería de Economía e Finanzas estrutúrase para o desenvolvemento das súas competencias específicas en tres direccións xerais: a de Ingresos Públicos, a de Orzamentos e a de Gasto e Coordinación da Inversión Pública. En febreiro de 1983 engádese a Dirección Xeral do Contencioso para facerse cargo das funcións derivadas de decisións xudiciais que impuxesen obrigas económicas á Comunidade Autónoma. No mes seguinte prodúcese un desdobramento dos órganos encargados de

todas estas competencias. A Consellería de Facenda contará coa Dirección Xeral de Tributos, a Dirección Xeral do Contencioso da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral do Patrimonio, a Intervención Xeral e Tesourería e o Centro de Proceso de Datos e Informática Fiscal. Da Consellería de Economía dependerán a Dirección Xeral de Planificación Económica, a Dirección Xeral de Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira e a Dirección Xeral de Análises Económicas Sectoriais. No ano 1984, as competencias en materia contenciosa pasarán a depender da Consellería de Presidencia.

Desde setembro de 1983 e ata a reestruturación da Xunta do ano 2009 as competencias en materia de economía e de facenda volverán recaer nunha mesma consellería. Pese ás numerosas modificacións producidas, entre as que destacan a creación dos organismos autónomos e da empresa mencionados, a estrutura básica permanecerá estable.

Finalmente, a reestruturación da Xunta de Galicia realizada no ano 2009 volverá a repartir as competencias en dúas consellerías: Consellería de Economía e Industria e Consellería de Facenda. Esta contará para o desenvolvemento das súas funcións cos seguintes órganos: a Secretaría Xeral e do Patrimonio, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Orzamentos, a Dirección Xeral de Tributos, a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e a Dirección Xeral de Planificación e Fondos (ademais de incorporar as competencias en materia de función pública a través da integración da Dirección Xeral da Función Pública na súa estrutura). Esta vez, a diferenza do que sucedera no ano 1983, a Dirección Xeral de Orzamentos e a Dirección Xeral de Política Financeira quedarán integradas na Consellería de Facenda.

030

FUN / FUNCIÓN

COMERCIO E CONSUMO

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Industria, Energía e Comercio	(1982/1983)
Consellería de Economía, Facenda e Comercio	(1983/1984)
Consellería de Sanidade e Consumo	(1983/1986)
Consellería de Industria, Energía e Comercio	(1984/1986)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria, Comercio e Consumo	(1986/1987)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria e Comercio	(1987)
Consellería de Sanidade e Seguridade Social. Dirección Xeral de Consumo	(1987)
Consellería de Industria, Comercio e Turismo	(1987/1990)
Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Consumo	(1987/1990)
Consellería de Industria e Comercio	(1990/2003)
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	(2003/2005)
Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio e Consumo	(2005/2006)
Consellería de Innovación e Industria. Subdirección Xeral de Promoción Industrial e Comercio Exterior	(2005/2009)
Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio	(2006/2009)
Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio	(2009/...)
Instituto Galego de Consumo	(1994/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma Galega ten competencias en materia de comercio e consumo. Levará a cabo, en materia de comercio interior, a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras e mercados; a tutela e coordinación das cámaras de comercio, industria e navegación e a intervención en materia de prezos. No referente ao comercio exterior, a colaboración no desenvolvemento de programas de apoio á internacionalización e/ou exportación, a promoción e desenvolvemento do comercio das empresas galegas no exterior, etcétera. No referente ao consumo, será a encargada da defensa do consumidor e usuario e o fomento das súas organizacións que deberán colaborar coa administración.

A Constitución española recolle, no artigo 51, entre os principios polos que se rexe a actividade económica que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos e sociais destes. Promoverán a información e a educación dos mesmos, fomentando e oíndo as súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Así mesmo, que a lei regulará o comercio interior e o réxime de autorización dos produtos comerciais. No artigo 52, establece que a lei regulará as organizacións profesionais que contribúan á defensa dos intereses económicos que lles sexan propios.

Por outra banda, o artigo 148.1 sinala que as comunidades autónomas poderán asumir as competencias en feiras interiores e fomento do desenvolvemento económico da comunidade autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional e, no artigo 149.1, que o Estado ten competencia exclusiva en lexislación mercantil; comercio exterior; sistema monetario e bases da ordenación do crédito, banca e seguros; lexislación sobre pesas e medidas e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica especificando, no 149.3, que as materias non atribuídas expresamente ao Estado poderán corresponder ás comunidades autónomas, en virtude dos seus respectivos estatutos.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle, no seu artigo 27, que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia

de feiras e mercados interiores, os centros de contratación de mercancías e valores e as cámaras de comercio, industria e navegación e, no artigo 30, a competencia exclusiva, dentro do seu ámbito territorial e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, do fomento e planificación da actividade económica; comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia, así como as denominacións de orixe en colaboración co Estado.

En base ás previsións constitucionais e estatutarias faranse as correspondentes transferencias da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia. O Real decreto 1634/1980, de 31 de xullo transfire competencias en materia de certames feirais, intervención en materia de prezos, disciplina de mercado, horarios comerciais, reforma e modernización de estruturas e comercio interior. As competencias transferidas asignaranse á Consellería de Industria, Comercio e Turismo polo Decreto 25/1980, do 15 de outubro.

Posteriormente, o Real decreto 2276/1982, de 24 de xullo, traspasa competencias en materia de feiras interiores, reforma de estruturas comerciais, comercio interior e cámaras de comercio, industria e navegación e o Real decreto 2266/1982, de 24 de xullo faino en materia de disciplina de mercado. Estas funcións e servizos serán ampliadas nos anos 1983, 1984 e 1998.

Estas competencias levaranse a cabo tendo en conta os postulados da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario; a Lei 10/1988, de 20 de xullo de ordenación do comercio interior de Galicia; a Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia; a Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia e a Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia.

EVO / EVOLUCIÓN

Nun primeiro momento, as competencias en materia de comercio permanecerán xuntas a cargo da Consellería de Industria, Enerxía e Comercio (Decreto 1/1982, do 21 de xaneiro).

032

A fin do ano 1983 estas funcións sepáranse en diferentes departamentos: as competencias en materia de comercio estarán a cargo da Consellería de Economía, Facenda e Comercio (Decreto 124/1983, do 15 de setembro), para pasar no ano 1984 a ser exercidas pola Consellería de Industria, Enerxía e Comercio (Decreto 55/1984, do 4 de abril). As competencias en materia de consumo quedarán a cargo da Consellería de Sanidade e Consumo (Decreto 124/1983, do 15 de setembro).

En marzo de 1986 volven xuntarse na Consellería de Traballo, Industria e Turismo, creada polo Decreto 11/1986, do 1 de marzo. A comezos do ano 1987 as competencias en materia de comercio estarán a cargo da Consellería de Industria, Comercio e Turismo (Decreto 234/1987, do 29 de setembro), e as de consumo pasarán á Consellería de Sanidade e Seguridade Social, creada polo Decreto 11/1986, do 1 de marzo, que cambiará de nome polo Decreto 234/1987, do 29 de setembro, pasando a chamarse Consellería de Sanidade.

A partir do ano 1990 as competencias de comercio e consumo estarán sempre xuntas na mesma consellería, que cambia de nome ao longo do tempo: Consellería de Industria e Comercio (Decreto 12/1990, do 5 de Febreiro); Consellería de Innovación, Industria e Comercio (Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro) e Consellería de Innovación e Industria (Decreto 211/2005, do 3 de agosto).

Coa reestruturación da Xunta de Galicia levada a cabo no 2009 as funcións de comercio e consumo pasan a depender da Consellería de Economía e Industria (Decreto 79/2009, do 19 de abril).

EST / ESTRUTURA

Despois de estruturada a Xunta de Galicia no ano 1982, á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio asume as competencias transferidas pola Administración central polo Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo.

Á fin do ano 1983 as competencias en materia de comercio serán desenvolvidas pola Dirección Xeral de Comercio integrada na Consellería de Economía, Facenda e Comercio (Decreto 151/1983, de 11 de outubro), e despois na Consellería de Industria,

Enerxía e Comercio (Decreto 55/1984, do 4 de abril), e as competencias en materia de consumo, pola Dirección Xeral de Consumo, pertencente á Consellería de Sanidade e Consumo.

En marzo de 1986 ambas as dúas competencias volven xuntarse, quedando a cargo da Dirección Xeral de Industria, Comercio e Consumo pertencente á Consellería de Traballo, Industria e Turismo.

A comezos do ano 1987 sepáranse de novo pasando, as de comercio, a seren desenvoltas nun primeiro momento pola Dirección Xeral de Industria e Comercio (Decreto 11/1987, do 22 de xaneiro), pertencente á mesma consellería e posteriormente pola Dirección Xeral de Comercio (Decreto 293/1987, do 15 de outubro), dependente da Consellería de Industria, Comercio e Turismo. As competencias en materia de consumo estarán a cargo da Dirección Xeral de Consumo pertencente á Consellería de Sanidade e Seguridade Social no período 1986/1987, e á Consellería de Sanidade entre 1987 e 1990.

A partir do ano 1990 as competencias de comercio e consumo estarán sempre a cargo da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que se adscribirá sucesivamente a diferentes consellerías: Consellería de Industria e Comercio (Decreto 15/1990, do 6 de febreiro), Consellería de Innovación, Industria e Comercio (Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro), Consellería de Innovación e Industria (Decreto 232/2005, do 11 de agosto). No entanto, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, órgano encargado de levar a cabo as competencias en materia de consumo, quedará praticamente sen funcións nesta materia debido á creación, pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, do Instituto Galego de Consumo (IGC) - organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito organicamente á Consellería que ten ao seu cargo as competencias en materia de consumo, ao que lle corresponde a política de defensa do consumidor e usuario.

No ano 2005 as competencias en materia de comercio quedarán a cargo de dúas Direccións Xerais: a Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información encargada da internacionalización e comercio exterior, e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que no 2006 pasa a chamarse Dirección Xeral de Comercio, encargada de todo o referente ao comercio interior, tutela e coordinación das cámaras oficiais de comercio, industria e n avegación e a

033

intervención en materia de prezos , dependentes da Consellería de Innovación e Industria

Coa reestruturación da Xunta de Galicia levada a cabo no ano 2009, todas as competencias en materia de comercio serán exercidas pola Dirección Xeral de Comercio dependente da Consellería de Economía e Industria, e as de consumo seguirán a cargo do IGC.

034

FUN / FUNCIÓN

CULTURA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Conselleiro adxunto ao presidente para a cultura	(1982)
Consellería de Cultura	(1982/1983)
Consellería de Educación e Cultura	(1983/1986)
Consellería de Cultura e Benestar Social	(1986/1987)
Consellería de Cultura e Deportes	(1987/1990)
Consellería de Cultura e Xuventude	(1990/1993)
Consellería de Cultura	(1993/1996)
Consellería de Cultura e Comunicación Social	(1996/1997)
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	(1997/2005)
Consellería de Cultura e Deporte	(2005/2009)
Consellería de Cultura e Turismo	(2009/...)
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)	(1989/2008)
Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)	(2008/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega ten ao seu cargo competencias e funcións en materia de promoción cultural, do libro e bibliotecas; patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, etnolóxico e documental de interese para Galicia, así como en materias de arquivos e museos.

A Constitución española no artigo 148.1 establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de museos e bibliotecas e patrimonio monumental de interese da comunitade autónoma, así como fomento da cultura. No artigo 149.1 reserva para o Estado a competencia exclusiva da lexislación sobre propiedade intelectual e a defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas e no 149.2, sinala que o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no artigo 27 que corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materias referentes ao patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, que non sexan de titularidade estatal, e servizos de Belas Artes de interese para a Comunidade; así como o fomento da cultura sen prexuízo do que establece o artigo 149.2 da Constitución. Igualmente, no artigo 32, sinala que corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Estas competencias traspásanse do Estado á Comunidade Autónoma a través do Real decreto 1634/1980, de 31 de xullo, que transfire as referentes ao Centro Nacional de Lectura, depósito legal de libros e ISBN, tesouro bibliográfico e rexistro xeral da propiedade intelectual; o Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, que transfire as competencias en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico e tesouro bibliográfico e documental de interese para Galicia; arquivos, bibliotecas, museos e

servizos de Belas Artes, que non sexan de titularidade estatal; así como as de fomento da cultura; o Real decreto 1531/1989, de 15 de decembro, que traspasa a xestión de bibliotecas, arquivos e museos de titularidade estatal; o Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, que o fai sobre as funcións relativas ao servizo público de información cultural comprendido dentro do programa puntos de información cultural (PIC) e o Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, que amplía as funcións en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

EVO / EVOLUCIÓN

O Decreto 30/1982, do 17 de febreiro, establece que os órganos encargados de levar a cabo as competencias en materia de cultura estarán a cargo do *Conselleiro Adxunto ao Presidente para a Cultura*, pero será o Decreto 140/1982, do 30 de novembro o que crea a *Consellería de Cultura*, unha vez realizados os traspasos de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma. A súa estrutura orgánica e funcional será recollida polo Decreto 147/1982, do 1 de decembro, tendo unha vida de pouco máis de un ano. A partir deste momento, e salvo o período comprendido entre 1993 e 1996, o departamento que se fará cargo das competencias en materia de cultura terá asignadas, ademais, outras. Así será: *Consellería de Educación e Cultura* (Decreto 124/1983, do 15 de setembro), *Consellería de Cultura e Benestar Social* (Decreto 11/1986, do 1 de marzo), *Consellería de Cultura e Deportes* (Decreto 234/1987, do 29 de setembro), *Consellería de Cultura e Xuventude* (Decreto 12/1990, do 5 de febreiro), *Consellería de Cultura e Comunicación Social* (Decreto 212/1996, do 6 de xuño), *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo* (Decreto 347/1997, do 9 de decembro), *Consellería de Cultura e Deporte* (Decreto 211/2005, do 3 de agosto), e, desde xuño de 2009, *Consellería de Cultura e Turismo* (Decreto 237/2009, do 11 de xuño).

EST / ESTRUTURA

Desde 1982 ata a actualidade a estrutura dos órganos encargados de levar a cabo as competencias de cultura variarán, adscribindose a diferentes consellerías.

036

As funcións comúns estarán a cargo da Secretaría Xeral e as específicas serán desenvolvidas por dúas direccións xerais (ás veces refundidas nunha soa), que cambian de nome e modifigan algunha función ao longo do tempo. Unha terá ao seu cargo a dirección e coordinación das actuacións en materia de promoción cultural e do libro e bibliotecas e outra a dirección e coordinación en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, arquivos e museos.

No ano 1993 créase unha terceira dirección xeral que terá ao seu cargo a dirección e coordinación das actuacións en todo o relativo ao Camiño de Santiago. Estas funcións foran desenvolvidas desde 1991, ante a proximidade da celebración do Ano Santo Xacobeo do ano 1993, polo Comisario Xacobeo de Galicia. No ano 1996, esta Dirección Xeral desaparecerá para integrarse, primeiro como Xerencia de Promoción do Camiño, na Secretaría da Consellería, despois como Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (2006) e, finalmente como servizo, na Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural desta dirección xeral.

As especiais características que concorren no servizo público de promoción cultural nos eidos do teatro, a danza e a música aconsellaron a creación dun organismo que baixo o control dos órganos centrais da Administración autonómica permitisen unha axilidade na xestión administrativa e comercial. Por este motivo creouse pola Lei 4/1989, do 21 de abril, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), organismo autónomo de carácter comercial adscrito á Consellería de Cultura e Deportes. Este órgano será substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) na Lei 4/2008, do 23 de maio, debido a que a restrición do campo de actuación do IGAEM ás artes escénicas e musicais era un límite á hora de desenvolver unha programación uniforme para o fomento das actividades artísticas e culturais, optándose por unha axencia que englobase a totalidade destas actividades.

037

FUN / FUNCIÓN

DEPORTE

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Turismo e Deportes	(1982/1983)
Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes	(1983/1986)
Consellería de Cultura e Benestar Social. Subdirección Xeral de Deportes	(1986/1987)
Consellería de Cultura e Deportes	(1987/1990)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para o Deporte	(1990/2003)
Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. Dirección Xeral para o Deporte	(2003)
Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	(2003/2005)
Consellería de Cultura e Deporte	(2005/2009)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para o Deporte	(2009/...)

038

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega ten ao seu cargo competencias e funcións en materia de planificación, fomento e promoción do deporte en tódolos ámbitos; da formación do persoal técnico deportivo e da planificación, equipamento, acondicionamento, xestión económica e administrativa das instalacións deportivas e do seu persoal. Tamén deberá encargarse do rexistro das entidades deportivas e da determinación das competencias concretas que deberán asumir as administracións locais.

A Constitución española, no seu artigo 43.3 dá ao fomento do deporte a categoría de principio reitor da política social e económica e posibilita a asunción destas competencias por parte das comunidades autónomas (artigo 148.1.19), reservando para o Estado a ordenación do deporte no ámbito estatal e internacional e a coordinación das actividades que nesta materia desenvolvan as comunidades autónomas.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.22 que corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer.

O comezo do traspaso de competencias desde a Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega terá lugar co Real decreto 1634/1980, de 31 de xullo en que se establece o reparto de atribucións entre a Xunta preautonómica e o Consejo Superior de Deportes sobre o exercicio da pesca de recreo en competicións deportivas e vixilancia dos estatutos das sociedades deportivas. Polo Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, transfírense, entre outras funcións a coordinación das administracións locais na promoción e difusión da cultura física e do deporte, a tutela e promoción das asociacións deportivas, as instalacións deportivas e a actividade deportiva de alta competición. Novas regulacións que afectarán ao traspaso de funcións e servizos en materia de promoción sociocultural, en materia de deportes, de tempo de lecer, asociacións e espectáculos públicos terán lugar nos anos 1982, 1983 e 1996 (Reais decretos 4123/1982, de 29 de decembro, 3356/1983, de 28 de decembro, 1639/1996, de 5 de xullo, 1640/1996, de 5 de xullo e 2396/1996, de 22 de novembro).

EVO / EVOLUCIÓN

Se ben na etapa preautonómica das atribucións en materia deportiva se ocupaba a Secretaría de Mocidade, Deporte e Acción Cívico-Social, a partir do ano 1982 será competencia dos seguintes órganos: Consellería de Turismo e Deportes (1982), Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes (1983), Consellería de Cultura e Benestar Social (1986), Consellería de Cultura e Deportes (1987), Secretaría Xeral para o Deporte (1990), Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado (2003), Consellería de Cultura e Deporte (2005) e, finalmente, desde a reestruturación do 2009 volve a ser Secretaría Xeral para o Deporte, dependente da Presidencia.

Ademais, aspectos concretos relacionados coa actividade deportiva e o lecer poden ser responsabilidade doutros departamentos especialmente os competentes en materia de turismo e xuventude, servizos sociais, sanidade, transportes, industria, vivenda ou medio ambiente.

EST / ESTRUTURA

O órgano directamente responsable das competencias en materia de deporte tivo categoría de dirección xeral e de secretaría xeral. Como dirección xeral asumi tamén durante longos períodos funcións en materia de xuventude. Así sucede entre xaneiro de 1982 e marzo de 1983, cando se denomina Dirección Xeral de Deportes, Xuventude e Desenvolvemento Comunitario e depende da Consellería de Turismo e Deportes, e entre setembro de 1983 e febreiro de 1990, denominada agora Dirección Xeral de Xuventude e Deportes, dependente primeiro da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, da Consellería de Cultura e Benestar Social, despois, e, finalmente, da Consellería de Cultura e Deportes. Tivo, no entanto, unicamente funcións relacionadas co deporte durante o período comprendido entre xaneiro e setembro de 1983 e entre xaneiro de 2003 e abril de 2009. Así, o Decreto 38/1983, do 20 de xaneiro, crea a Dirección Xeral de Deportes, dependente da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes. No Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, créase a Dirección Xeral para o Deporte, dependente da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, logo denominada

Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. No ano 2005, pasará a depender da Consellería de Cultura e Deporte ata a reestruturación da Xunta do ano 2009. Neste ano convértese nunha Secretaría Xeral dependente directamente do presidente da Xunta, como xa sucedera entre 1990 e 2003.

En 1986, polo Decreto 323/1986, do 30 de outubro, créase o Instituto Nacional de Educación Física (INEF Galicia), adscrito á Consellería de Cultura e Benestar Social e vinculado, a efectos académicos á Universidade de Santiago de Compostela e desde 1990 á Universidade da Coruña. No ano 2000 créase a Xerencia do INEF de Galicia para ocuparse da administración e xestión deste organismo, con nivel orgánico de servizo, dependendo directamente do secretario xeral para o Deporte.

040

FUN / FUNCIÓN

EDUCACIÓN E INVESTIGACIÓN

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Educación	(1982/1983)
Consellería de Educación e Cultura	(1983/1986)
Consellería de Educación	(1986/1987)
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	(1987/...)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento	(1997/2003)
Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento	(2003/2005)
Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	(2005/2009)
Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	(2009/...)
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	(2001/...)
Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional	(2002/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega ten competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, a planificación universitaria e o fomento da investigación.

A Constitución, que recoñece no seu artigo 27 o dereito á educación e que obriga no seu artigo 44.2 aos poderes públicos a promover a ciencia e maila investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral, establece no seu artigo 148, que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de conservatorios de interese para a propia comunitade (148.1.15º), así como o fomento do ensino da lingua propia e da investigación (148.1. 17º), sen prexuízo de que se reserve o Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia (149.1.30º) e o fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica (149.1.15).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 31 que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía. No artigo 27.19º recolle a competencia exclusiva no “fomento da cultura e investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución”.

A través do Real decreto 1763/1982 de 24 de xullo farase a transferencia a Comunidade autónoma das funcións e servizos da Administración do Estado en materia de educación, que serán ampliadas polo Real decreto 367/2004, de 5 de marzo, no referente a escolas viaxeiras e polo Real decreto 1319/2008, do 24 de xullo á homologación e validación de títulos e estudios estranxeiros en ensinanzas non universitarias; o Real

decreto 1754/1987 do 18 de decembro fará o traspaso en materia de universidades.

As competencias e funcións en materia de ensino non universitario serán desenvolvidas tendo en conta os postulados da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación; da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo; da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade do ensino e da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e normas que as desenvolvan.

Polo que atinxo ás universidades, son de aplicación a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria; a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, e a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

No referente á investigación será a Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica a que estableza o marco legal básico para a elaboración da normativa sobre investigación, desenvolvemento e innovación das comunidades autónomas. Para o seu desenvolvemento, a Comunidade Autónoma de Galicia creou, mediante o Decreto 19/1987, do 14 de xaneiro, a Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía (CICETGA) como órgano colexiado de coordinación, planificación e seguimiento dun plan de investigación científica e tecnolóxica adecuado ás necesidades de Galicia. O Decreto foi derrugado pola Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia, posteriormente tamén derrugada pola Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, que engade a creación do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Ademais outros órganos da Administración galega terán competencias en investigación e desenvolvemento tecnolóxico nos seus correspondentes ámbitos sectoriais.

EVO / EVOLUCIÓN

Estruturada a Xunta de Galicia, polo Decreto 1/1982, do 22 de xaneiro, os servizos encargados de levar a cabo as competencias en educación estarán

a cargo da Consellería de Educación. Nun primeiro momento dotarase dunha estrutura provisional, ata que o Decreto 102/1982, do 11 de agosto lle dea unha estrutura axeitada despois de feito o traspaso de servizos da administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, de 24 de xullo.

O Decreto 124/1983, do 15 de setembro trae consigo que as competencias de educación pasen a compartir departamento con cultura (Consellería de Educación e Cultura) e o Decreto 151/1983, de 11 de outubro establece os órganos encargados de levalas a cabo.

No ano 1986 educación volve a ter departamento propio: A Consellería de Educación creada polo Decreto 11/1986, do 1 de marzo. A súa estrutura orgánica e funcional será regulada polo Decreto 14/1986, do 1 de marzo. Dende o ano 1987 ata a actualidade pasa a chamarse Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e asumirá as novas transferencias nestas materias.

Dende o ano 1997 ata o 2005 as competencias en investigación pasan a depender funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería da Presidencia e Administración Pública, primeiro, (1997/2003) e da Consellería de Innovación, Industria e Comercio (2003/2005), máis tarde. En 2005, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asume as funcións correspondentes á promoción científica e tecnolóxica no ámbito universitario, funcións que se manteñen na reestruturación efectuada no ano 2009.

EST / ESTRUTURA

Desde 1982, as funcións comúns da Consellería serán desempeñadas pola Secretaría Xeral Técnica, primeiro, logo Secretaría Xeral [ás veces desdobradas coa creación dunha Dirección Xeral de Persoal (1994/2005) e doutra de Construción, Equipamentos e Servizos Educativos (1986/1990)] e as específicas por varias direccións xerais. Diversos órganos colexiados de duración variable exercerán funcións asesoras en diferentes materias.

As funcións específicas, segundo se recolle no Decreto 102/1982, do 11 de agosto, están a cargo de

dúas direccións xerais: a Dirección Xeral de Educación Básica, que ten ao seu cargo as funcións correspondentes aos diferentes niveis, ciclos e modalidades de educación preescolar e de educación xeral básica, e a Dirección Xeral de Bacharelato e Formación Profesional encargada do relativo a estes niveis, modalidades e centros. Polo Decreto 151/1983, de 11 de outubro, esta última pasa a chamarse Dirección Xeral de Ensinanzas Medias e créase a Dirección Xeral de Universidades.

O Decreto 468/1987, do 17 de decembro, trae consigo cambios na estrutura debido ao traspaso das competencias en materia de universidades e de investigación científica e técnica. A Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica (creada un ano antes en substitución da Dirección Xeral de Universidades) terá ao seu cargo a execución das competencias en materia de ensino superior e o fomento da investigación científica e técnica.

A partir desta época, os órganos superiores manteñanse, con cambios nas denominacións e traspaso de funcións dunhas direccións xerais a outras. Como cambios más significativos destacamos: a creación, en 1990, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para facerse cargo das competencias da formación profesional que antes tiña atribuída a Dirección Xeral de Ensinanzas Medias e, no ano 1994, a fusión das direccións xerais de Educación Básica e de Ensino Medio dando lugar á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros, para adecuarse á Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE). No ano 1997 a Dirección Xeral de Universidades e Investigación pasa a chamarse Dirección Xeral de Universidades ao perder parte das súas competencias. Recuperará algunas no ano 2005. Créase agora a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia para facerse cargo da promoción e a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario de Galicia. No ano 2009 (Decreto 332/2009, do 11 de xuño), pasará a ter rango de subdirección, co nome de Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, integrada na Secretaría Xeral de Universidades. A estrutura da Consellería en materia de educación e investigación complétase nesta disposición coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Por outra banda, no ano 2001 créase a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia que terá como obxectivos o desenvolvemento dos procesos de avaliación da calidade das universidades galega, e no 2002 a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional encargada da xestión integrada do sistema de cualificación, formación e orientación profesional; avaliación da competencia profesional da poboación activa, e mellora da calidade do sistema de formación profesional.

No ámbito da Investigación, no ano 1997 créase a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento como órgano con rango de dirección xeral dependente directamente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería da Presidencia e Administración Pública encargado das competencias en materia de investigación e de promoción da ciencia e a tecnoloxía. Para o desenvolvemento das súas funcións se estruturarán en tres servizos. A partir do ano 2003 as competencias en investigación, desenvolvemento e innovación adscríbense á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, encargándose da súa xestión a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento. Desde 2005 unha parte importante das competencias en investigación serán retomadas, como xa queda indicado, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

044

FUN / FUNCIÓN

INDUSTRIA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Industria, Energía e Comercio	(1982/1983)
Consellería de Industria e Energía	(1983/1984)
Consellería de Industria, Energía e Comercio	(1984/1986)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo	(1986/1987)
Consellería de Industria, Comercio e Turismo	(1987/1990)
Consellería de Industria e Comercio	(1990/2003)
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	(2003/2005)
Consellería de Innovación e Industria	(2005/2009)
Consellería de Economía e Industria	(2009/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega terá ao seu cargo competencias e funcións en materia de industria, artesanía e protección do medio ambiente industrial, salvo as industrias de fabricación de materiais específicos de defensa, ademais de transferencia de tecnoloxía estranxeira, que as terá o Estado. En concreto, correspóndeelle a planificación, a través de diferentes órganos, das infraestruturas dos servizos industriais do solo empresarial e residencial, o fomento da pequena e mediana empresa industrial mediante a colaboración nos programas de apoio financeiro, a inspección de instalacións industriais, así como o establecemento dos requisitos e condicións que deben cumplir os organismos de control de inspeción industrial para os efectos de dar autorizacións de posta en funcionamento das instalacións ou a revisión periódica delas, e o apoio a investigación e a innovación. Desde o punto de vista sectorial, será de especial relevancia o sector enerxético, mineiro, a artesanía e as telecomunicacións, e a sociedade da información e o coñecemento.

Segundo se establece no artigo 130 da Constitución española, os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento dos sectores económicos, sendo o sector industrial un dos más importantes para o crecemento económico dun país. No artigo 148.1.13, se recollen como competencias que poden asumir as comunidades autónomas relativas ao fomento do desenvolvemento económico, conservando o Estado as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica (art. 149.1.13). Ademais, o Estado mantén as competencias exclusivas en materia de lexislación sobre a propiedade industrial (art. 149.1.9), lexislación sobre pesas e medidas (art. 149.1.12) e sobre as bases do réxime mineiro e enerxético (149.1.25).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, a competencia en Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que están suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear.

Asume, ademais, como competencias exclusivas as instalacións de producción, distribución e transporte de enerxía eléctrica cando este trasporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou comunidade autónoma (art. 27.13); e as competencias en artesanía (art. 27.17). Correspóndeelle tamén o desenvolvemento lexislativo e execución do réxime mineiro e enerxético (art. 28.3), e a execución da lexislación do Estado en propiedade industrial e intelectual (29.2).

O inicio da transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia, de acordo co establecido no réxime preautonómico, en materia de industria, fixose a través do Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo. Na etapa autonómica o primeiro decreto de transferencia de competencias en materia de industria, enerxía e minas será o Real decreto 2563/1982, de 24 de xullo. Ampliaranse competencias en materia de pequena e mediana empresa industrial a través do Real decreto 2445/1984, do 19 de decembro. No ano 1996 se produce o traspaso de funcións e servizos en materia de instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría, a través do Real decreto 90/1996, do 26 de xaneiro. Polo Real decreto 234/1998, do 16 de febreiro sobre ampliación dos medios traspasados polos reais decretos 1634/1980, do 31 de xullo, e 971/1984, de 28 de marzo en materia de industria e medio ambiente, finaliza, ata o momento, o proceso de transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia.

EVO / EVOLUCIÓN

Co inicio da autonomía no ano 1982, as competencias en materia de industria adscríbense á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. O nome do departamento irá variando ao longo do tempo ao ritmo das diferentes áreas competencias de que se faga cargo. Así, se denominará *Consellería de Industria e Enerxía* (1983), *Consellería de Industria, Enerxía e Comercio* (1984), *Consellería de Traballo, Industria e Turismo* (1986), *Consellería de Industria, Comercio e Turismo* (1987), *Consellería de Industria e Comercio* (1990), *Consellería de Innovación, Industria e Comercio* (2003), *Consellería de Innovación e Industria* (2005), e, desde xuño de 2009 *Consellería de Economía e Industria*.

046

Debido á necesidade de información e asesoramento, tanto no ámbito tecnolóxico como na xestión empresarial, por parte das pequenas e medianas empresas, créase no ano 1983 a Sociedade de Información Tecnolóxica Empresarial (SITEGA), sociedade anónima adscrita á Consellería de Industria e Enerxía. As súas funcións fundamentais son a axuda á pequena e mediana empresa, a través da promoción, coordinación e asesoramento que propicie a innovación tecnolóxica, a realización de estudos de viabilidade, a realización de cursos de formación, etc.

No ano 1990 se crea un organismo de apoio ó sector mineiro de Galicia, o Laboratorio Mineralúrxico de Galicia (regulado pola Orde do 23 de maio de 1990). Este organismo forma parte da infraestrutura de apoio industrial e mineiro e da mellora do ambiente. Adscríbese á Dirección Xeral de Industria.

Os Decretos 251/1993 e 252/1993, do 7 de outubro, establecen o réxime xurídico básico do Centro de Lousas de Galicia e do Centro de Granitos de Galicia, adscritos á Dirección Xeral de Industria da Consellería de Industria e Comercio. Correspóndelle ó primeiro as funcións de apoio ó sector da lousa en Galicia mediante o desenvolvemento da investigación tecnolóxica e o seu control de calidade, coa finalidade de mellora-lo rendemento das explotacións. O segundo é un organismo que presta servizo de formación para a explotación, elaboración e colocación do granito.

A Lei 3/1999, do 11 de marzo, crea o Instituto Enerxético de Galicia, coa finalidade da utilización racional da enerxía como factor clave da competitividade das empresas, e para o desenvolvemento da política enerxética galega.

EST / ESTRUTURA

Dende o ano 1982 e ata o ano 1997, a Consellería exercerá as competencias en materia de industria a través dunha dirección xeral: a Dirección Xeral de Industria, denominada Dirección Xeral de Industria e Comercio nos anos 1986-1987, novamente Dirección Xeral de Industria neste último ano, e Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a partir do ano 2001.

No ano 1997, ademais desta, créase a Dirección Xeral de Programas Industriais e Infraestruturas Tecnolóxicas para encargarse das competencias en

materia de innovación, investigación industrial aplicada, normalización, certificación, calidade e deseño industrial, artesanía, programas e accións de estruturación sectorial e infraestruturas técnicas e tecnolóxicas. No ano 2001 pasará a denominarse Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial. Correspondenlle tamén as competencias en materia de sociedade da información.

Coa reestruturación do ano 2003 as competencias estarán repartidas en tres direccións xerais. A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento asumirá as competencias en materia de fomento da investigación, a Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial as relativas a tecnoloxía, sociedade da información e do coñecemento, calidade industrial e artesanía e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas continuará encargándose das competencias en materia de industria, solo, enerxía e minas. No ano 2005 as competencias quedarán repartidas entre as seguintes direccións xerais: a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Desde o ano 2009 a Consellería de Economía e Industria exercerá as competencias nestas materias a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Diversos órganos colexiados exercerán funcións asesoras en diferentes materias, como a Sociedade de Información Tecnolóxica de Galicia (1983), o Laboratorio Mineralúrxico de Galicia (1990), os Centros de Lousas e Granitos de Galicia (1993) e o Instituto Enerxético de Galicia (1999).

047

FUN / FUNCIÓN

MEDIO AMBIENTE

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Laboratorio Rexional do Medio Ambiente Industrial de Galicia	(1982/1983)
Consellería de Sanidade. Servizo de Sanidade Ambiental	(1982/1983)
Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes. Dirección Xeral Forestal e do Medio Ambiente Natural	(1982/1983)
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Dirección Xeral de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente	(1982/1986)
Consellería de Industria e Enerxía. Dirección Xeral de Industria	(1983/1984)
Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación. Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural	(1983/1986)
Consellería de Sanidade e Consumo. Servizo de Sanidade Ambiental	(1983/1986)
Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Subdirección Xeral de Minas e Medio Ambiente Industrial	(1984/1986)
Consellería de Agricultura. Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural	(1986/1990)
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Dirección Xeral de Ordenación Territorial, Urbanismo e Medio Ambiente	(1986/1987)
Consellería de Sanidade e Seguridade Social. Servizo de Sanidade Ambiental	(1986/1989)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Subdirección Xeral de Minas e Medio Ambiente	(1987)
Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Subdirección Xeral de Minas e Medio Ambiente	(1987/1990)
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental	(1987/1989)
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Axencia de Calidade Ambiental	(1989/1990)
Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente	(1990/1997)
Consellería de Industria e Comercio. Subdirección Xeral de Minas e Medio Ambiente Industrial	(1990/1995)
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo	(1990/1993)
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Dirección Xeral de Calidade Medio Ambiental e Urbanismo	(1993/1997)
Consellería de Industria e Comercio. Subdirección Xeral de Industria e Medio Ambiente	(1995/1998)
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Servizo de Control de Factores Medioambientais Xerais	(1996/1998)
Consellería de Medio Ambiente	(1997/2005)
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	(2005/2009)

048

FUN / FUNCIÓN

MEDIO AMBIENTE

ORG / ÓRGANOS - DATAS (CONTINUACIÓN)

ConSELLERÍA de Sanidade. Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde	(2005/...)
ConSELLERÍA de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	(2009/...)
Servizo Galego de Saúde. Subdirección Xeral de Farmacia e Sanidade Ambiental	(1989/1990)
Servizo Galego de Saúde. Subdirección Xeral de Saúde Ambiental	(1990/1991)
Servizo Galego de Saúde. Servizo de Programas de Sanidade Ambiental	(1991/1992)
Servizo Galego de Saúde. Servizo de Saúde Ambiental	(1992/1996)
Augas de Galicia	(1993/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega ten ao seu cargo competencias e funcións na xestión da protección do medio ambiente, podendo establecer normas adicionais de protección, xa que a lexislación básica é unha competencia exclusiva do Estado. A atención ó medio ambiente incluirá tanto as medidas encaimadas á conservación do medio ambiente natural como a avaliación do impacto ambiental ocasionado por proxectos que poidan incidir no medio ambiente, o control e vixilancia das actividade e instalacións de calquera tipo que fosen susceptibles de afectar negativamente ó medio ambiente, especialmente o control de emisións contaminantes ou da calidade das augas, o planeamento e xestión da eliminación de residuos, a elaboración de estratexias de integración ambiental (desenvolvemento sostible), a aplicación da tecnoloxía para a mellora da calidade ambiental, e a promoción e execución dunha política de educación e información ambiental.

A Constitución española recoñece, como principio reitor da política social e económica, no seu artigo 45.1. que "todos teñen o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento das persoas, así como o deber de o conservar" e no 149.1.23 establece que a lexislación básica sobre protección do medio ambiente será competencia exclusiva do Estado, reconéxendo no artigo 148.1.9 que as comunidades autónomas poderán asumir a xestión desa protección.

En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia , segundo recolle o Estatuto de autonomía no seu artigo 27.30, terá capacidade para establecer normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 e lle corresponde a execución da lexislación do Estado en materia de vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego.

En fase preautonómica, por Real decreto 212/1979, de 26 de xaneiro transfírense competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de turismo, actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, transportes e urbanismo.

No Real decreto 1634/1980, de 31 de xullo, sobre transferencias en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca, sinálase que a

Xunta informará, con carácter previo, os expedientes relativos ás instalacións aos que sexa exixible a fixación de condicións para a adecuada protección do medio ambiente. Transfírense as competencias que tiñan atribuídas as delegacións provinciais do Ministerio de Industria e Enerxía en Galicia sobre protección do medio ambiente atmosférico e sobre residuos sólidos urbanos. Ademais, en relación coa acción pública sanitaria transfírense o control sanitario das augas de bebidas, augas residuais, residuos sólidos, contaminación atmosférica, vivenda e urbanismo, locais e edificios de convivencia pública ou colectiva e, en xeral, do medio ambiente no que se desenvolve a vida humana. Tamén as actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas. Con este real decreto, tamén se transferiu á Comunidade Autónoma o Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial de Galicia, creado no ano 1979 polo Ministerio de Industria e Enerxía. Mediante o Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, se consolidarán as transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en fase preautonómica.

Xa en fase autonómica realizaranse novas transferencias. O Real decreto 3564/1983, de 5 de outubro traspasa funcións e servizos en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. O Real decreto 971/1984, de 28 de marzo transfíre as competencias na formulación e dirección da política ambiental, as campañas de concienciación cívico ambiental e a planificación e distribución de subvencións e beneficios previstos na lexislación sobre a materia de medio ambiente. O Real decreto 659/1985, de 17 de abril traspasa funcións e servizos en materia de ordenación do litoral e vertidos ao mar. O Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, traspasa funcións e servizos en materia de abasteecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa das marxes. Polo Real decreto 234/1998, de 16 de febreiro, amplíanse os medios traspasados polos decretos anteriores.

No que se refire á conservación da natureza, o traspaso de competencias desde a Administración do Estado á Xunta de Galicia fixose efectivo en virtude do Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, consolidado polo Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo. Adaptadas polo Real decreto 1234/1983, do 20 de abril, no ano 1984 serán ampliadas e modificadas polo

050

Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño e polo Real decreto 1082/2008, de 30 de xuño, no que se traspasa a competencia sobre o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, en conformidade coa Lei 5/2007, de 3 de abril que atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais en cuxo territorio estean situados.

EVO / EVOLUCIÓN

As competencias transferidas pola Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de medio ambiente foron exercidas por distintas consellerías, ata a creación no ano 1997 da Consellería de Medio Ambiente.

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda no período comprendido entre 1993 e 1997) vaise ocupar da definición e programación da política de ordenación do medio ambiente, da tramitación de expedientes de declaración de impacto ambiental, da elaboración, seguimento, revisión e, se é o caso, execución do Plan de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, de emitir informes sobre os proxectos de obras marítimas, autoriza-las obras e instalacións de vertidos nas augas do litoral galego e do planeamento hidrológico.

A Consellería de Industria, Enerxía e Comercio, despois denominada de Industria e Enerxía (1983), de Industria, Enerxía e Comercio (1984), de Traballo, Industria e Turismo (1986), de Industria, Comercio e Turismo (1987) e de Industria e Comercio (1990) terá competencias en materia de medio ambiente industrial, é dicir, do control dos focos contaminantes de orixe industrial e de proposta de medidas de corrección, tales como a recuperación de solos. A ela estará adscrito o "Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial de Galicia" que fora creado xa en 1979 polo Ministerio de Industria e Enerxía co obxecto de prestar servizos ás súas delegacións provinciais e transferido no ano 1980 á Xunta de Galicia, como "Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia".

Dende 1982, a Consellería de Sanidade (Sanidade e Consumo (1983); Sanidade e Seguridade Social (1986), Sanidade e Servizos Sociais (1993) e novamente de Sanidade (2001)) terá competencias en materia de "control sanitario das augas dubidosas,

augas residuais, residuos sólidos, contaminación atmosférica, vivenda e urbanismo, locais e edificios de convivencia pública ou colectiva e, en xeral, do medio ambiente no que se desenvolva a vida humana". Entre 1989 e 1996 estas competencias pasarán ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para ser retomadas neste ano pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. A consellería competente en materia de sanidade seguirá mantendo as funcións relacionadas co control de riscos ambientais para a saúde ata a actualidade.

Dos temas relacionados coa conservación, restauración e mellora dos recursos naturais farase cargo, en 1982, a Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, despois denominada Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación (1983), Consellería de Agricultura (1986) e novamente Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, en 1990.

Ademais, en 1984 créase a Comisión Galega de Medio Ambiente (Decreto 185/84, do 27 de decembro) como órgano colexiado adscrito á Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e con representación dos directores xerais de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente (Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas), do Forestal e do Medio Ambiente Natural (Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes), Saúde Pública (Consellería de Sanidade), Industria (Consellería de Industria, Enerxía e Comercio), Xustiza e Gobernación (Consellería da Presidencia). Esta Comisión asumirá as competencias atribuídas polo Decreto 80/1984, do 24 de maio, á Comisión Técnico Asesora de Medio Ambiente. No decreto citado créase tamén unha Secretaría Xeral da Comisión que, con categoría de subdirección xeral, dependerá directamente do conselleiro da Presidencia e se encargará, entre outras cousas, da preparación dos asuntos que deban ser resoltos pola Comisión. No ano 1987 exercerá estas funcións a Secretaría Xeral de Protección Civil e Coordinación Ambiental, dependente igualmente do conselleiro de Presidencia e Administración Pública. A partir da Orde de 29 de xullo deste mesmo ano, se denominará Secretaría Xeral de Protección Civil e do Medio Ambiente. O Decreto 16/1990, do 6 de febreiro, polo que se determina a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do Presidente da Xunta de Galicia inclúe entre eles a Secretaría Xeral para a Protección Civil

que continuará coas funcións da Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente. Polo Decreto 92/1993, do 16 de abril cambiará o seu nome polo de Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente. A partir de 1994 estará estruturada nunha Subdirección Xeral de Protección Civil e unha Subdirección Xeral de Protección Ambiental.

En decembro de 1997 créase a Consellería de Medio Ambiente -de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a partir de 2005-. Coa reestruturação da Xunta do ano 2009 as competencias en medio ambiente recaerán na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

EST / ESTRUTURA

Dentro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas será a Dirección Xeral de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente, despois denominada Dirección Xeral de Ordenación Territorial, Urbanismo e Medio Ambiente (1986), Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental (1987), Axencia de Calidade Ambiental de Galicia (1988), e Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo (1990), a que teña competencias en materia de ordenación e xestión do medio ambiente.

Das competencias en materia de medio ambiente industrial se ocupará a Dirección Xeral de Industria, á que estará adscrito o Laboratorio Rexional do Medio Ambiente Industrial de Galicia.

O departamento competente en materia de sani-dade exercerá as súas funcións a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, chamada Dirección Xeral de Atención Primaria e Saúde Pública na súa etapa de dependencia do SERGAS, para volver á súa anterior denominación no ano 1996.

Das competencias en materia de conservación da natureza farase cargo a Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural, denominada desde 1990, Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente.

En 1997 a Consellería de Medio Ambiente se estrutura na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e o Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, que, con rango de dirección xeral, exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería

en materia de información, educación e formación ambiental, investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materia de medio ambiente industrial e natural; promoción de novas teconoloxías para a mellora ambiental; apoio a iniciativas para o estudio e análises de temas ambientais de carácter global. A él adscríbese o Centro de Investigacións de Lourizán que cambiará o seu nome no 2001 polo de Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán

Esta estrutura amplíase co Decreto 310/2001, do 17 de decembro. A Consellería contará agora coas seguintes unidades (ademas da secretaría xeral): a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e o Centro de Desenvolvemento Sostible. Ademas, adscríbelle o organismo autónomo Augas de Galicia, creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño e ata ese momento dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ao seren modificadas as súas funcións pola Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas. No ano 2002 o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia adscríbese á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. No ano 2004 o Centro de Desenvolvemento Sostible pasará a denominarse Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

A partir do Decreto 562/2005 as competencias sobre montes e industrias forestais quedarán integradas na Consellería de Medio Rural.

Por Decreto 316/2009, do 4 de xuño, créase a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da que formarán parte a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe. Ademas, quedan adscritos a ela o organismo autónomo Augas de Galicia.

052

FUN / FUNCIÓN

MEDIO RURAL

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes	(1982/1983)
Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación	(1983/1986)
Consellería de Agricultura	(1986/1990)
Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes	(1990/1997)
Consellería de Agricultura, Gandaría e Política Agroalimentaria	(1997/2001)
Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural	(1997/2001)
Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural	(2001/2005)
Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais	(2001/2005)
Consellería de Medio Rural	(2005/...)
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA)	(1995/2002)
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	(2000/...)
Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)	(2002/...)
Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL)	(2005/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega ten competencias en materia de agricultura, gandaría, montes, preventión e defensa de incendios forestais, desenvolvimento rural, estruturas rurais e industrias agroalimentarias.

A Constitución española, nos seus artigo 148.1.7, e 148.1.8 establece que as comunidades autónomas poderán assumir competencias en materia de agricultura, de acordo coa ordenación xeral da economía; de montes e aproveitamento forestais. Segundo o artigo 149.1.23, será competencia exclusiva do Estado a lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.10 como competencia exclusiva os montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución e o réxime xurídico dos montes veciñais en man común. Ademais, e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, ten competencia exclusiva en materia de agricultura e gandaría así como sobre as denominacións de orixe en colaboración co Estado (artigo 30 do Estatuto de autonomía). Por outra banda, o artigo 31 recoñece á Comunidade Autónoma a competencia plena sobre a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades no ámbito das súas competencias, incluídas as mencionadas, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución, ámbito que atinxe á capacitación agraria.

En vista das previsions constitucionais e estatutarias faranse as correspondentes transferencias pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia

Na etapa preautonómica, polo Real decreto 167/1981, de 9 de xaneiro, farase a transferencia en materia de conservación da natureza (as funcións de planificación, programación, seguimento e control e avaliación de resultados relativos á actuación forestal e conservación da natureza) que serán assumidas pola Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes.

Na etapa autonómica transfírense competencias en materia de reforma e desenvolvemento agrario,

(Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo); en materia de capacitación e extensión agraria, sanidade vexetal, producción e sanitade animal, ordenación da oferta, desenvolvemento gandeiro e industrias agrarias, (Real decreto 3318/1982 do 24 de xullo); e en materia de denominacións de orixe e viticultura e enoloxía, (Real decreto 4189/1982, de 29 de decembro). As funcións e servizos traspasados serán ampliadas en anos posteriores. En particular destacamos o Real decreto 2164/1994, do 4 de novembro, que fai a transferencia das cámaras agrarias e o Real decreto 92/1996, de 26 de xaneiro, do Fondo Español de Garantía Agrícola (FEGA), antigo SENPA, para a xestión das axudas directas que proveñan da Unión Europea.

EVO / EVOLUCIÓN

Coa creación da Xunta de Galicia, as competencias en materia de agricultura, gandaría e montes adscríbense á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, ata que no ano 1983 se refunde coa Consellería de Pesca (Decreto 124/1983, do 15 de setembro) dando lugar á Consellería de Agricultura, Pesca, e Alimentación.

No ano 1986 as competencias en materia de agricultura, gandaría e montes sepáranse de pesca pasando a formar consellería independente co nome de Consellería de Agricultura (Decreto 11/1986, do 1 de marzo), pasando novamente a denominarse Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes en 1990 (Decreto 12/1990, do 5 de febreiro).

No ano 1997, as competencias en materia de agricultura e gandaría sepáranse das de montes (Decreto 347/1997 do 9 de decembro). As de agricultura e gandaría quedarán a cargo da Consellería de Agricultura, e Política Agroalimentaria (que pasa a denominarse Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, polo Decreto 306/2001, do 15 de decembro) e as de montes, da Consellería de Medio Ambiente.

No ano 2005 as competencias en materia de agricultura, gandaría e montes volven xuntarse a cargo da Consellería de Medio Rural (Decreto 211/2005, do 3 de agosto), manténdose ata a actualidade.

054

EST / ESTRUTURA

O Decreto 24/1982, de 5 de febreiro, recolle a estrutura orgánica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. As funcións comúns estarán a cargo da Secretaría Xeral Técnica, mentres que as específicas serán exercidas por tres direccións xerais: de Agricultura, de Gandería e de Montes. Ese mesmo ano, o Decreto 142/1982, do 1 de decembro, efectúa unha reorganización cun marcado carácter técnico e transversal, no que as competencias en materia agrícola e gandeira son agrupadas arredor dos eixes da promoción e desenvolvemento, por unha banda (Dirección Xeral de Promoción e Desenvolvemento Agrario), e da producción e industrias agropecuarias, por outro (Dirección Xeral da Produción Agropecuaria); mentres que as competencias sobre montes serán desenvolvidas pola Dirección Xeral Forestal e do Medio Ambiente, e máis tarde, entre 1997 e 2001, adscritas á Consellería de Medio Ambiente.

Con numerosos cambios e matices, froito en parte de novas competencias na materia que asume a Comunidade Autónoma, esta estrutura perdurará basicamente ata a actualidade. Ademais, desde 2005, súmase a ela un órgano para desenvolver funcións sobre *investigación, innovación tecnolóxica e formación*, a Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal. Na actualidade (2009), a estrutura da Consellería de Medio Rural comprende as direccións xerais de Producción Agropecuaria; Innovación e Industrias Agrarias e Forestais; Montes; e Desenvolvemento Rural.

Esta estrutura básica completouse coa creación de diferentes organismos autónomos: a Lei 7/1994, do 29 de decembro, crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), e o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, desenvolve a súa estrutura orgánica. No ano 2002, este organismo cambia de nome, pasando a chamarse, en virtude da Lei 7/2002, de 27 de decembro, Fondo Galego de Garantía Agraria (FOG-GA). No ano 2000, créase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Lei 5/2000, do 28 de decembro), encargada do fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego. En 2005, créase, pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), encargado da promoción e protección da calidade diferencial dos

produtos alimenticios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Un órgano colexiado creado en 2006, o Consello Agrario Galego, asumirá e articulará as relacións da Administración galega coas organizacións profesionais agrarias trala disolución das cámaras agrarias provinciais.

055

FUN / FUNCIÓN

PESCA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Pesca	(1982/1983)
Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación	(1983/1986)
Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños	(1986/1987)
Consellería de Pesca	(1987/1990)
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura	(1990/2001)
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	(2001/2009)
Consellería do Mar	(2009/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma ten competencias na ordenación, conservación, protección e inspección dos recursos mariños e o fomento de usos alternativos, o control dos mercados (instalacións, canles de distribución, prezos) o desenvolvemento das estruturas relacionadas coa actividade extractiva e de transformación e a planificación e xestión da ensinanza e a investigación nestas materias.

Segundo establece a Constitución no seu artigo 149.19, queda reservada ao Estado a pesca marítima, "sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan as Comunidades Autónomas".

O Estatuto de autonomía de Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura e sobre confraría de pescadores (art. 27), o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no que se refire a ordenación do sector pesqueiro, portos pesqueiros e entidades cooperativas (art. 28) e a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo e vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (art. 29).

O proceso de transferencias de competencias desde a Administración do Estado comeza co Real decreto 1634/1980 de 31 de xullo, sobre transferencias da administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca (BOE núm. 191, do 9 de agosto) no que se transfire a xestión do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia e a concesión de licencias para o exercicio da pesca marítima de recreo en augas interiores galegas e a imposición de sancións nesta materia, e continuarán ata o ano 2006. Así, polo Real decreto 3318/1982, de 24 de xullo son asumidas as competencias en materia de pesca en augas interiores, marisqueo, acuicultura e confraría de pescadores. Polo Real decreto 4189/1982, de 29 de decembro, traspásanse as competencias relacionadas co ensino profesional náutico pesqueiro, que serán ampliadas polo Real decreto 1378/1997, de 29 de agosto. En 1997, mediante o Real decreto 1377/1997 traspásanse funcións e servizos en materia de mergullo. Finalmente, polo Real decreto 553/2006, de 5 de maio,

transfírense funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendada ao *Instituto Social de la Marina*.

EVO / EVOLUCIÓN

Salvo nun breve período de tempo - de 1983 a 1986-, as competencias nesta materia estarán a cargo dun órgano específico. En concreto os departamentos serán os seguintes: *Consellería de Pesca* (1982), *Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación* (1983), *Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños* (1986), *Consellería de Pesca* (1987), *Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura* (1990), *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos* (2001), *Consellería do Mar* (2009).

Nun primeiro momento a consellería competente en materia de pesca vai reflectir na súa estrutura orgánica a dicotomía – tamén establecida na lexislación- entre pesca, por unha banda e marisqueo e acuicultura, pola outra. En uso das súas atribucións, a Comunidade Autónoma de Galicia aproba no ano 1985 a Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación de pesca marítima (DOG núm. 66, do 6 de abril) e a Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños (DOG núm. 58, do 8 de marzo). A primeira regula a actividade extractiva pesqueira en augas marítimas de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, procurando a conservación, fomento e aproveitamento das especies que as habitan, entendendo por augas marítimas de exclusiva competencia as comprendidas desde o seu límite interior ata onde se reflicte o efecto das maiores mareas equinocciais. A segunda ven regular a actividade marisqueira, de grande importancia na comunidade debido á riqueza do seu litoral especialmente das súas rías. Pero tendo en conta que as citadas leis abarcaban tan só unha parte da base lexislativa do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia e que o ingreso de España na Comunidade Económica Europea afectou a toda a trama económica da pesca, e en especial dos sectores más débiles da mesma como son a pesca de baixura e o marisqueo, fixose precisa una reordenación do sector pesqueiro e, polo tanto, dispoñer dun marco lexislativo actualizado e coherente. No ano 1993 publicase a Lei 6/1993, do 11 de

maio, de Pesca de Galicia (DOG núm. 101, do 31 de maio), que abandona a dicotomía establecida de antigo entre pesca e marisqueo e considera o desenvolvimento global do sector pesqueiro.

A partir da década dos anos 90, e sobre todo a partir do 2002, se potenciarán as competencias relacionadas co control da calidade das augas e dos produtos do mar e co salvamento marítimo.

Na da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación del Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (BOE núm. 164, do 8 de xullo), este ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu vai asumir as competencias que foran atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño - dependente da Dirección Xeral de Recursos Mariños-. Correspondelle o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de producción en augas competencia da Comunidade Autónoma. A partir do Decreto 500/2005, do 15 de setembro figurará como centro adscrito á consellería.

Depende da Consellería o Consello Galego de Pesca, creado en 1982 como órgano colegiado, consultivo e asesor da Xunta de Galicia, nos asuntos de pesca, marisqueo e acuicultura con incidencia no sector galego.

EST / ESTRUTURA

Salvo no período comprendido entre 1983 e 1986, en que a Dirección Xeral de Pesca depende da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación as competencias en materia de pesca serán exercidas monograficamente por un órgano ao máximo nivel, estruturado nunha Secretaría Xeral para o exercicio das funcións comúns e varias direccións xerais para o desenvolvemento das funcións específicas.

Durante o primeiro ano da autonomía a Consellería vaise estruturar en dúas direccións xerais encargadas das actividades marisqueiras e os cultivos mariños, unha, e das actividades pesqueiras e as relacionadas coa actividade portuaria, outra. Da consellería dependerá tamén un centro de investigación. A inspección

das ensinanzas naútico pesqueiras será exercida por un órgano con nivel de subdirección xeral.

A nova estrutura orgánica establecida no ano 1987 mantén a separación entre as materias de pesca e marisqueo. Concentraránse nunha dirección xeral ao ano seguinte en que a consellería contará además cunha dirección xeral encargada da formación e promoción social pesqueira, para volver de novo ao esquema anterior no ano 1990. No período comprendido entre 1990 e 2002, a consellería estrutúrase en tres direccións xerais: a Dirección Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras, a Dirección Xeral de Marisqueo e Acuicultura e a Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación

No período 2002-2008 esta estrutura complícase un pouco máis. Refórzanse as medidas de inspección, preventivas e paliativas encamiñadas á preservación e protección do medio mariño. De este modo, a consellería contará cunha Subdirección Xeral de Control, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación, dependente directamente do titular da consellería, una Dirección Xeral de Recursos Mariños, unha Dirección Xeral de Estruturas e Mercados de Pesca, unha Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e un Centro do Control do Medio Mariño.

Na reforma do 2009 a denominada Consellería do Mar manterá a subdirección agora directamente dependente do titular da consellería, denominándose Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. Ademais da Secretaría Xeral existirán tres direccións xerais: a Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolólica, A Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Depende da Consellería o Consello Galego de Pesca, creado en 1982 como órgano colegiado, consultivo e asesor da Xunta de Galicia, nos asuntos de pesca, marisqueo e acuicultura con incidencia no sector galego.

058

FUN / FUNCIÓN

POLÍTICA LINGÜÍSTICA

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Conseilleiro adxunto ao presidente para a cultura. Subdirección Xeral de Promoción da Lingua Galega e da Cultura	(1982)
Consellería de Educación. Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega	(1982/1983)
Consellería para a Cultura. Dirección Xeral da Cultura e da Lingua Galega	(1982/1983)
Consellería de Educación e Cultura . Dirección Xeral de Política Lingüística	(1983/1986)
Consellería de Educación. Dirección Xeral de Política Lingüística	(1986/1987)
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística	(1987/2005)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística	(2005/2009)
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística	(2009/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten ao seu cargo competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega.

A Constitución, no artigo 148.17, establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias de ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 5, que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas potenciando o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

O Real decreto 1981/1979, de 20 de Xullo, regula a incorporación da Lingua Galega ao Sistema Educativo en Galicia e posteriormente a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, aspira a garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegurar a normalización do galego en todos os eidos da sociedade.

EVO / EVOLUCIÓN

Despois de estruturada a Xunta de Galicia no ano 1982, as competencias e funcións en materia de ensino da lingua galega pasarán por diferentes departamentos: *Conselleiro, adxunto ao Presidente, para a Cultura* (Decreto 30/1982, do 17 de febreiro), *Conseillería de Educación* (Decreto 102/1982 do 11 de agosto) e *Consellería para a Cultura* (Decreto 147/1982, do 1 de decembro).

Coa reestruturación dos órganos da Xunta de Galicia levada a cabo no ano 1983, estas competencias estarán a cargo da *Consellería de Educación e Cultura* (Decreto 142/1983, do 11 de outubro). Polo Decreto 14/1986, do 1 de marzo encoméndanse á Consellería de Educación, que pasa a chamarse *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* no ano 1987.

Dende o ano 2005 ata o 2009 dependerá funcionalmente da *Presidencia da Xunta de Galicia* e organicamente da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (Decreto 231/2005) do 11 de agosto), para pasar coa reestruturación da Xunta do

2009 a depender de novo da *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* (Decreto 83/2009, do 21 de abril).

EST / ESTRUTURA

Estruturada a Xunta de Galicia no ano 1982, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega estarán a cargo dunha Subdirección Xeral, directamente dependente do Conselleiro adxunto ao Presidente para a Cultura. En decembro deste mesmo ano das competencias relacionadas co ensino encargarase unha subdirección xeral dependente da Consellería de Educación mentres que da promoción do uso do galego se encargará unha dirección xeral dependente da Consellería para a Cultura.

Desde o ano 1983 ata a actualidade todo o referente ao ensino e promoción da lingua galega estará a cargo da Dirección Xeral de Política Lingüística dependente do departamento de Educación, agás do 2005 ata o 2009 que estará a cargo dunha Secretaría Xeral dependente funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia, e a partir do 2009 dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Terá ao seu cargo a elaboración e execución de plans, programas e orientacións pedagóxicas para o ensino da lingua galega, aprobación de libros de texto e demás material didáctico, a realización de cursos de formación e perfeccionamento de galego e a promoción do uso do galego na vida oficial e social, así como nos medios de comunicación.

060

FUN / FUNCIÓN

POLÍTICA TERRITORIAL

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas	(1982/1993)
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	(1993/2005)
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	(2005/2009)
Consellería de Vivenda e Solo	(2005/2009)
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	(2009/...)
Instituto Galego de Vivenda e Solo	(1988/...)
Portos de Galicia	(1994/...)
Augas de Galicia	(1996/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten ao seu cargo competencias e funcións en materia de planeamento, xestión, execución e inspección sobre a ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, as obras públicas e o transporte.

A Constitución española no seu artigo 148.1. establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda (148.1.3º), as obras públicas de interese da comunitade autónoma no seu propio territorio (148.1.4º), os ferrocarrís e estradas cuxo itinerario de desenvolva integralmente no territorio da comunitade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable (148.1.5º), os portos de refuxio, os portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais (148.1.6º).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que a Comunidade Autónoma terá competencia exclusiva nas seguintes materias: ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda (27.3), obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, e a súa execución ou explotación non afecte a outra comunitade autónoma ou provincia (27.7), vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integralmente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables (27.8), os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos (27.9) e os aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos cando as augas discorran integralmente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución (27.12).

As transferencias de funcións á Comunidade Autónoma comezan, en materia de transportes e urbanismo, áinda en fase preautonómica, co Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro. Un novo traspaso de funcións e servizos en materia de ordenación do territorio e urbanismo vaise realizar no ano 1982, ano en que tamén serán traspasadas competencias en materia de portos, estradas e inspección de servizos de transporte por estrada e trolebús. O proceso continúa entre

1985 e 2005. No ano 1985 engádense as competencias en materia de abastecemento de auga, saneamento, canalización e defensa das marxes dos ríos, ordenación do litoral e vertidos ó mar e no seguinte faise o traspaso de funcións e servizos en materia de obras hidráulicas. Nos anos 1993 e 1995 asúmense as competencias en materia de costas. En 1996 traspásanse funcións e servizos en materia de transporte marítimo. Finalmente, nos anos 2004 e 2005 regularánse as competencias relativas á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

EVO / EVOLUCIÓN

ORDENACIÓN DO TERRITORIO, URBANISMO E VIVENDA

En materia de ordenación do territorio e urbanismo, a Comunidade Autónoma de Galicia farase cargo da programación, fomento e seguimento do planeamento da actuación urbanística, a tramitación de expedientes por infraccións urbanísticas, sancións e demolicións, a coordinación coa *Comisión Superior de Urbanismo de Galicia* e comisións provinciais, a elaboración de informes técnicos e xurídicos sobre recursos e os estudos de recoñecemento territorial e de ordenación do territorio.

No ano 1995 publicase a Lei 10/1995 de ordenación do territorio coa finalidade de establecer os obxectivos fundamentais da utilización racional e equilibrada do territorio galego e da creación dos instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo, e no ano 1997 a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, co obxectivo de regular a actividade urbanística e integrar a nova regulación estatal, quedando derogada a partir deste momento a Lei 11/1985, do 22 de agosto de adaptación da do solo a Galicia.

A aprobación dunha nova normativa estatal nos anos 1998 e 2000 e a vontade de aliñarse coas políticas europeas de desenvolvemento sostible levaron á publicación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia -modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro-. Nela créase a *Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia*, como ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade

xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo. Estas funcións serán desenvolvidas en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela.

No ano 2007 publicase unha nova lei, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral. Nela -cumprindo o mandato legal que establecera o artigo 31 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia- se crea o Instituto de Estudos do Territorio como un organismo autónomo que ten por finalidade a análise, estudio e asesoramento das administracións autonómica e municipal en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, contempla a creación do Observatorio Galego da Paisaxe como entidade de apoio e asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade, que terá entre outras funcións a de servir como órgano asesor as entidades locais co fin de integrar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.

A partir da Lei 3/1988, do 27 de abril a política do solo e vivenda da Xunta de Galicia vaise corresponder ao *Instituto Galego da Vivenda e Solo*, organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.. Coa publicación do Decreto 70/1997, do 14 de marzo se potencia a súa función inspectora co obxecto de asegura-lo cumprimento da normativa reguladora do uso e transmisión de vivendas de protección oficial, tanto de promoción pública como privada. No ano 2005, como consecuencia da creación da Consellería de Vivenda, reestrutúrase tamén o IGVS. A creación de solo de carácter produtivo e residencial vaise configurar como o eixe fundamental das súas actuacións. No ano 2007 novas modificacións intentarán potenciar e incrementar o control das normas e as inspeccións. Como consecuencia do Decreto 79/2009, do 19 de abril, que establece a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Instituto quedará adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, constitúese o *Xurado de Expropiación de Galicia* como órgano colegiado permanente da Comunidade Autónoma especializado nos procedementos para a fixación dun prezo xusto na expropiación forzosa, dando a administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. Por Decreto 223/2005, do 16 e xuño foi aprobado o seu Regulamento de organización e funcionamento.

Polo Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, créase a *Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica* como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración Autonómica Galega nas súas actuacións en materia de sistema de información xeográfica e cartográfica, adscrito á Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal. Neste mesmo mes (Decreto 188/2003, do 27 de febreiro) quedará adscrita á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Un novo decreto de outubro de 2009 modificará a súa composición para poder facer fronte á obriga de coordinar e pór en marcha a infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG), en que están incluídas as deputacións provinciais e os concellos, dando cabida a estas institucións e a utilización do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), como soporte técnico para o desenvolvemento das funcións que están asignadas á comisión. Estará adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

OBRAS PÚBLICAS

Correspóndeelle a Comunidade autónoma a conservación e explotación das estradas, a tramitación de permisos e concesións que non sexan competencia das xefaturas provinciais de estradas, o estudio e planificación das normas xerais de seguridade vial e análise de accidentes, a planificación, preparación e execución de proxectos de obras que non sexan de conservación, o estudio e redacción de proxectos de redes arteriais, a elaboración de mapas de estradas

e memoria anual de resultados, as normas técnicas de proxectos e o control da maquinaria e do parque móvil.

En materia de portos, correspónelle o estudo, provisións de necesidades e planeamento de portos, o estudo e normativa sobre organización portuaria, tarifas e regulamentación de explotación e policía, a normativa técnica dos proxectos e instalacións e do control das actividades portuarias, o estudo, redacción e tramitación dos proxectos e anteproxectos de obras de infraestrutura, dragaxes, instalacións e construcións nos portos, a rendibilidade e melloramento das instalacións portuarias. A Lei 5/1994 do 29 de novembro crea o ente público *Portos de Galicia*, tamén adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que supuxo unha profunda transformación da organización da administración portuaria. Levará consigo a extinción das unidades da Consellería que ata ese momento desenvolvían as funcións en materia de portos.

Pola Lei 8/1984, do 10 de xullo, a Comunidade autónoma asume tamén competencias na realización de obras hidráulicas. Nela autorízase á Xunta a facer investimentos en materia de abastecementos e saneamento de augas. Farase, pois, cargo do planeamento hidrolóxico nas concas comprendidas integralmente dentro do territorio da Comunidade autónoma. A Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da administración hidráulica de Galicia crea o organismo autónomo de carácter administrativo Augas de Galicia, adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que se vai constituir como elemento que concentra, coas excepcións que resultan da propia lei, tanto as funcións de programación de obras como as de política das augas e dos seus leitos, englobadas na noción más ampla de administración do dominio público hidráulico. Nos seus órganos colexiados de decisión e de xestión haberá unha representación destacable dos distintos usuarios da auga en función da súa importancia respectiva. Pero ata a aprobación do seu regulamento polo Decreto 108/1996, do 29 de febreiro, non se suprimiron na consellería as unidades administrativas que exercían as competencias nesta materia. A Orde de 14 de xuño de 1996 establecerá o 1 de xullo de 1996 como data de comezo da súa actividade. Esta mesma lei – nunha disposición adicional- creará tamén a Empresa Pública Obras

e Servizos Hidráulicos, que se encargará de promover e executar, por conta de Augas de Galicia e en réxime de cooperación coas administracións locais, as obras que lle sexan encargadas en materia de infraestruturas hidráulicas e de saneamento. No ano 2001, o organismo autónomo Augas de Galicia pasou a depender da Consellería de Medio Ambiente. A Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos o faría no ano 2003. Coa nova reestruturación da Xunta do ano 2009 ambos organismos pasaron novamente a quedar adscritos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

TRANSPORTES

En conformidade co establecido nos decretos de transferencias, a Comunidade autónoma irá asumindo competencias en materia de transporte terrestre, e de transporte marítimo que se leve a cabo exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade autónoma sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

No marco da lei 16/1987, de 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, créase no ano 1991 a *Xunta Arbitral de Transportes de Galicia* como instrumento de protección e defensa das partes que interveñen na actividade de transporte e integrada por representantes da Administración, das empresas de ferrocarril, de transporte de viaxeiros, de transporte de mercadorías e actividades auxiliares, representantes de consumidores e usuarios e representantes das empresas cargadoras

No ano 1980 créase o Consello Galego de Transportes Terrestres, denominado despois *Consello Galego de Transportes* (regulado polo Decreto 230/1986, do 10 de xullo), como órgano consultivo da Comunidade autónoma de Galicia en materia de transporte.

EST / ESTRUTURA

No ano 1982 a estruturación da Xunta de Galicia, asignará estas competencias á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que as desenvolverá ata o ano 1993. Nun primeiro momento as funcións comúns seguirán sendo desenvolvidas pola Secretaría Xeral Técnica, mentres que das funcións

064

específicas se encargarán tres direccións xerais: A Dirección Xeral de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente, a Dirección Xeral de Transportes e a Dirección Xeral de Obras Públicas. Por outro lado, pola Lei 3/1988, do 27 de abril vaise constituir no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o *Instituto Galego da Vivenda e Solo* (IGVS),

Entre 1993 e 2005 o órgano competente na materia cambiará o seu nome polo de *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda*. Salvo no período comprendido entre 1997 e 1999, contará con tres direccións xerais: A Dirección Xeral de Calidade Medio Ambiental e Urbanismo, a Dirección Xeral de Obras Públicas e a Dirección Xeral de Transportes. Durante o período mencionado as dúas últimas estarán unificadas na Dirección Xeral de Obras Públicas e Transportes. No ano 1997 a Consellería perderá as competencias en materia medioambiental ao crearse a Consellería de Medio Ambiente. A dirección xeral correspondente pasará entonces a denominarse de Urbanismo.

A reestruturación da Xunta de Galicia levada a cabo no ano 2005 encomendará as competencias en política de vivenda e de establecemento de política de solos de carácter produtivo á agora creada *Consellería de Vivenda e Solo*, e, como consecuencia, reestrutúrase tamén o IGVS. A partir deste momento o nome da consellería competente en política territorial será o de *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes*.

Coa modificación de 2009 o órgano competente será a *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. Das competencias relacionadas coa ordenación do territorio e o urbanismo farase cargo a *Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo*; a *Dirección Xeral de Infraestruturas* exercerá as funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas atribuídas á consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e construcción de estradas e a *Dirección Xeral de Mobilidade* exercerá as funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas atribuídas á consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

065

FUN / FUNCIÓN

SANIDADE

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Sanidade	(1982/1983)
Consellería de Sanidade e Consumo	(1983/1986)
Consellería de Sanidade e Seguridade Social	(1986/1987)
Consellería de Sanidade	(1987/1993)
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais	(1993/2001)
Consellería de Sanidade	(2001/...)
Servizo Galego de Saúde	(1989/...)

066

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma galega terá ao seu cargo competencias e funcións en materia de saúde pública, asistencia médica e farmacéutica e asistencia sanitaria.

Segundo a Constitución española (artigo 148.21), as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de sanidade e hixiene. A sanidade exterior, as bases e a coordinación xeral da sanidade e a lexislación sobre produtos farmacéuticos, serán no entanto, de competencia exclusiva do Estado (artigo 149.16).

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 33, establece que lle corresponden á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior e de seguridade social (salvo as normas que configuren o seu réxime económico), a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da caixa única e a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos.

O inicio da transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia, de acordo co establecido no réxime preautonómico, en materia de sanidade, fíxose a través do Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo. Na etapa autonómica o primeiro decreto de transferencia de competencias en materia de sanidade será o Real decreto 971/1984, do 28 de marzo. Ampliaranse competencias en materia de sanidade a través de dous reais decretos dos anos 1985 e 1987. No ano 1990 se produce o traspaso de funcións e servizos do Instituto Nacional de Salud. No ano 1996 vaixe se producir o traspaso de funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria recomendada ao Instituto Social da Mariña. Neste mesmo ano, polo Real decreto 1432/1996, do 7 de xuño se van transferir os medios persoais adscritos ao hospital militar da Coruña, e do Hospital Básico de Ferrol no ano 2008. No ano 1997 vanse a transferir a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos.

EVO / EVOLUCIÓN

A partir da creación da Xunta de Galicia no ano 1982, a Consellería de Sanidade asumirá as competencias transferidas en materia de saúde pública, e asistencia médica e farmacéutica. Créase tamén o

Consello de Sanidade de Galicia, organizado a través do decreto 23/1982, do 5 de febreiro, como órgano consultivo e de asesoramento. Na última modificación da Xunta de Galicia deste ano, a Consellería asumirá as competencias en consumo, que antes desenvolverá a Consellería de Industria, pasando a denominarse Consellería de Sanidade e Consumo.

No ano 1985 levarase a cabo a reforma da asistencia sanitaria primaria (Decreto 40/1985, do 21 de marzo), que busca a racionalización dos medios existentes, sobre todo a través do Mapa Sanitario de Galicia aprobado no ano 1984. O seu obxectivo fundamental é o achegamento dos medios sanitarios á poboación, dada a grave desigualdade existente nos recursos de saúde da poboación do medio rural, buscando unha sanidade integral en zonas de limitado número de habitantes e de poboación dispersa.

No ano 1986, a Consellería asume as competencias en materia de seguridade social, a través dunha dirección xeral, e as perde en consumo, competencia que será asumida pola Consellería de Traballo, industria e Turismo. A Consellería de Sanidade e Seguridade Social, asumirá neste ano as competencias transferidas da Administración do Estado que viña desempeñando o organismo autónomo Administración Institucional de Sanidade Nacional (AISNA), en materia de sanidade, así como os correspondentes servizos e medios persoais.

Un ano despois, a raíz do decreto 30/1987, de 29 de xaneiro, a Consellería volverá asumir as competencias en consumo, a través dunha dirección xeral.

Pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, créase o Servizo Galego de Saúde (organismo autónomo de carácter administrativo), coa finalidade de xestionar os servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación de tódolos recursos sanitarios e asistenciais existentes en Galicia. Coa súa creación, faise preciso adeuar a estrutura orgánica e funcional da Consellería á nova situación, establecendo as competencias que lle son propias, en especial a planificación, dirección e control do funcionamento de tódolos servizos da rede sanitaria central, provincial e local dos que a xestión lle corresponderá ao SERGAS. Así, a Consellería de Sanidade perderá as competencias en asistencia sanitaria e saúde pública que serán asumidas por este organismo.

Neste mesmo ano se van reorganizar os centros de diagnóstico e orientación terapéutica, transferidos á Xunta de Galicia en 1985 e adscritos á Consellería de Sanidade, en unidades de saúde mental infanto-xuvenil. Terán a función de contribuír a protección e mellora da saúde mental no que se refire á poboación comprendida nas etapas da infancia e adolescencia. Dentro das áreas territoriais correspondentes, estas unidades coordinaranse e integraranse funcionalmente cos centros de saúde mental. Coa creación do Servizo Galego de Saúde, as competencias en saúde mental pasarán a depender deste organismo autónomo, a través dos servizos provinciais, no que haverá unha unidade de saúde mental infanto-xuvenil en cada capital de provincia máis en Vigo e A Coruña.

Na modificación da estrutura da Xunta de Galicia de decembro do ano 1993, a Consellería asume algunas competencias en servizos sociais, o que levará parello un cambio na denominación da propia consellería que pasará a chamarse Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Coa nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establecida polo Decreto 306/2001, do 15 de decembro, pretendeuse darlle maior entidade aos servizos sociais, polo que se escindiron da Consellería de Sanidade estas competencias, asignándollas a unha consellería de nova creación, a Consellería de Servizos Sociais.

No ano 2006 se vai establecer un novo modelo organizativo, e polo tanto estrutural na Consellería de Sanidade, separando a planificación e o financiamento e avaliación da xestión, que lle corresponden á consellería, respecto da execución que lle corresponde ao SERGAS.

EST / ESTRUTURA

Dende a creación da Xunta de Galicia no ano 1982, as competencias en materia de saúde pública, así como a asistencia médica e farmacéutica, serán assumidas pola Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Médica e Farmacéutica, substituída un ano despois pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

No ano 1986, suprímise esta dirección xeral, pasando as súas competencias á Consellería de Traballo, Industria e Turismo, e assumindo as competencias en

servizos sociais a través dunha dirección xeral, pasando a denominarse Consellería de Sanidade e Seguridade Social. Neste mesmo ano, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria asumirá as competencias transferidas da Administración do Estado que viña desempeñando o organismo autónomo Administración Institucional de Sanidade Nacional (AISNA), en materia de sanidade, así como os correspondentes servizos e medios persoais.

Un ano despois, a raíz do decreto 30/1987, de 29 de xaneiro, a consellería volverá asumir as competencias en consumo, a través da Dirección Xeral de Consumo, mentres que asistencia sanitaria e seguridade social van refundirse nunha única dirección xeral, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e Seguridade Social.

No ano 1989 créase o Servizo Galego de Saúde, o que fai preciso adegua-la estrutura orgánica da consellería a esta nova realidade. A consellería perde as competencias en asistencia sanitaria e saúde pública que serán assumidas polo SERGAS, creándose na consellería a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Sanitaria, para a elaboración das propostas en materia sanitaria.

Coa modificación da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade de 1990 (Decreto 203/1990, do 8 de marzo), desaparece a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Sanitaria, assumindo as súas funcións a Subdirección Xeral de Planificación, Ordenación e Inspección Sanitaria, dentro da Secretaría Xeral Técnica, e créase unha dirección xeral nova, a Dirección Xeral de Programación e Investimentos, órgano que ten ao seu cargo a elaboración dos programas económicos e de investimentos, e a redacción do anteproxecto de presupostos da Consellería e dos órganos dependentes dela, función que tiña anteriormente assumida a Subdirección Xeral de Xestión e Persoal da Secretaría Xeral Técnica. No ano 1991 se van levar a cabo unhas pequenas modificacións na consellería, creándose a Dirección Xeral de Recursos Humanos, que é o órgano da consellería encargado da planificación e execución da política de persoal da consellería e do SERGAS.

En 1992 prodúcese unha simplificación da estrutura da consellería en tres órganos superiores: o Conselleiro, a Secretaría Xeral Técnica e os órganos asesores e consultivos, perdendo a Dirección Xeral de Programación e Investimentos, que se integrará

068

organicamente no SERGAS. Esta estrutura durará ata decembro de 1993, cando a través dos decretos 287 e 291/1993, de 10 e 11 de decembro respectivamente se establece a nova estrutura da Xunta de Galicia, asumindo as competencias en servizos sociais e dándolle unha maior entidade ao integrala na denominación da propia consellería que pasará a chamarse Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

No ano 1996, créase o Consello de Planificación, como órgano colexiado de coordinación, para a elaboración das políticas xerais de saúde. Este organismo asumirá as funcións da extinta Dirección Xeral de Organización Sanitaria, que se suprime neste ano. Vaise recuperar a Dirección Xeral de Saúde Pública, órgano que xa fora creado na modificación da estrutura da consellería do ano 1987 e desapareceu coa reforma de 1989.

Coa nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 12/2005, do 3 de febreiro, modifícase a División de Farmacia e Produtos Sanitarios, ata este momento adscrita organicamente ao Servizo Galego de Saúde, converténdose nunha dirección xeral dependente organicamente da propia consellería.

En 2006, a consellería perde as competencias en farmacia e produtos sanitarios, que volven ser asumidas polo SERGAS a través da Subdirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios (D. 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do SERGAS). E, seguindo os principios deste novo modelo organizativo, se crea a Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria na Consellería de Sanidade.

069

SEGURIDADE E INTERIOR

Consellería de Xustiza e Interior	(1982/1983)
Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Xustiza e Política Interior	(1983)
Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos. Dirección Xeral de Coordinación Administrativa e Política Interior	(1983/1984)
Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación	(1983/1986)
Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Administración Local e Gobernación	(1986)
Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Xustiza, Gobernación e Administración Pública	(1986/1987)
Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral de Protección Civil e Coordinación Ambiental	(1987)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Protección Civil e Medio Ambiente	(1987)
Consellería de Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral de Protección Civil e do Medio Ambiente	(1987/1990)
Consellería de Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Xustiza, Gobernación e Administración Pública	(1987/1988)
Consellería de Presidencia e Administración Pública. Subdirección Xeral de Xustiza e Interior	(1988/1989)
Consellería de Presidencia e Administración Pública. Subdirección Xeral de Interior	(1989/1990)
Consellería de Presidencia e Administración Pública. Subdirección Xeral de Xustiza e Interior	(1990/1993)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para a Protección Civil	(1990)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Seguridade	(1990/1991)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para a Protección Civil	(1991/1993)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente	(1993/1997)
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	(1993/2003)
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Protección Civil	(1997/2000)
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Interior e Protección Civil	(2000/2003)
Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local. Dirección Xeral de Interior e Protección Civil	(2003/2005)
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Subdirección Xeral de Seguridade e Régime Interior	(2005/2009)
Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Protección Civil	(2005/2009)
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Comisionado para a Seguridade Víaria	(2008/2009)
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	(2009/...)
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Subdirección Xeral de Seguridade e Coordinación	(2009/...)
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Comisionado para a Seguridade Víaria	(2009/...)
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Subdirección Xeral de Seguridade Víaria e Inspección	(2009/...)
Academia Galega de Seguridade	(1992/...)

070

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma Galega terá ao seu cargo competencias e funcións en materia de vixilancia e protección, coordinación das policías locais, formación da policía autónoma e das policías locais, protección civil e seguridade vial. Tamén asumirá competencias en casinos, xogos e apostas, asociacións e espectáculos públicos.

A Constitución española establece que quedan reservadas con exclusividade ao Estado as competencias en materia de defensa e forzas armadas (artigo 149.1.4) e a seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policías polas comunidades autónomas na forma que se estableza nos respectivos estatutos no marco do que dispoña una lei orgánica. (art. 149.1. 29).

Segundo a constitución, as comunidades autónomas poderán, no entanto, asumir competencias exclusivas en materia de vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións (artigo 148. 1. 22) e de coordinación e demais facultades en relación coas policías locais nos termos que estableza unha lei orgánica (artigo 149.1.4).

Será a Lei Orgánica 2/1986 a que desenvolva o mandato constitucional ao establecer que corresponderá ás comunidades autónomas, entre outras competencias, a de coordinar a formación profesional das policías locais mediante a creación de escolas de formación de mados e de formación básica. Tamén poderán crear corpos de policía para o exercicio das funcións de vixilancia e protección á que se refire o artigo 148.1.22 da Constitución, sempre que así estea previsto nos seus estatutos. Así o recolle o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.25, no que figura como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a creación dunha policía autónoma.

Segundo se recolle no artigo 27.27 do Estatuto de autonomía, á Comunidade Autónoma corresponde a competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas.

No ano 1995 (Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma Galega) transfírense a Comunidade Autónoma, a competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos e a execución da lexislación do Estado en materia de asociacións.

EVO / EVOLUCIÓN

Nun primeiro momento as competencias en materia de interior foron desempeñadas pola Consellería de Xustiza e Interior, e a partir da súa supresión no ano 1983, pola *Consellería de Presidencia a través da Dirección Xeral de Xustiza e Política Interior* (Decreto 136/1983, de 16 de setembro). No ano 1983 vaise crear a *Dirección Xeral de Coordinación Administrativa e Política Interior*, dependente da Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos (Decreto 142/1983, do 11 de outubro), para, novamente quedar integrada na *Consellería da Presidencia*, no ano 1984 (Decreto 91/1984, de 7 de xuño), co nome de *Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación*.

Será a partir do ano 1986 cando a Comunidade Autónoma contemple expresamente a asunción de competencias en materia de policía autónoma por parte da agora denominada *Dirección Xeral de Administración Local e Gobernación da Consellería da Presidencia* (Decreto 312/1986, do 16 de outubro), *Dirección Xeral de Xustiza, Gobernación e Administración Local* a partir do Decreto 350/1986, do 13 de novembro, e *Dirección Xeral de Xustiza e Administración Territorial* a partir do ano 1988.

En 1991 créase a *Unidade de Policía Autónoma de Galicia*. Non é unha policía autonómica propiamente dita, senón unha unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma, dependente organicamente da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil do Ministerio do Interior e funcionalmente da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil. Será no ano 2007 cando se aprobe a Lei de Policía de Galicia.

No ano 1992 apróbase a Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policías locais (vixente ata o 23 de maio de 2007) co obxecto de establecer os principios normativos para a coordinación das policías locais dentro do territorio de Galicia -de acordo co previsto no artigo 148.1.22 da Constitución-, de forma que se possibilite a unificación de criterios de actuación e organización, formación e perfeccionamento do persoal; a homoxeneización dos medios técnicos; e outros mecanismos de asesoramento e colaboración que permitan aos servizos de Policía dos concellos galegos lograr unha acción conxunta e eficaz. Nela se crea a *Comisión de Coordinación das*

Policías Locais de Galicia, adscrita á Consellería da Presidencia e Administración Pública.

No ano 1995 se creaba a *Academia Galega de Seguridade* -de acordo co previsto na Lei 5/1992 do 9 de abril, derogada despois pola Lei autonómica 1/2005, de 4 de xaneiro- como organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito organicamente á Consellería da Presidencia e Administración Pública, encargado da formación da policía autónoma e das policías locais. Tamén se encargará da organización, na súa propia sede ou en colaboración cos concellos ou deputacións, de cursos de preparación e formación de corpos de funcionarios ou voluntariado para as tarefas de extinción e prevención de incendios e protección civil.

A Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia, finalmente, crea o Corpo de Policía de Galicia no que se integran a policía autonómica e as policías locais dependentes dos concellos, configurándose así unha carreira policial única.

No ano 1987 constitúese a *Comisión de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia* (regulada polos Decretos 87/1987, do 14 de abril e 388/1987, do 22 de outubro). A preparación dos seus asuntos estará a cargo da *Secretaría Xeral de Protección Civil e do Medio Ambiente* (Orde do 29 de xullo de 1987), con rango de subdirección xeral, adscrita organicamente á *Consellería da Presidencia*. En 1994 o Consello da Xunta aproba o Plan Territorial de Protección Civil de Galicia e no ano 1997 se establece como centro de recepción de chamadas a central de emerxencia SOS-Galicia do Servizo de Atención de Chamadas de Urgencia 112.

No ano 1990 a *Secretaría Xeral para a Protección Civil* será un dos órganos superiores dependentes directamente do *Presidente da Xunta de Galicia* (Decreto 16/1990, do 6 de febreiro). A ela lle corresponderán as competencias que en materia de protección civil ten atribuídas a Comunidade Autónoma. No ano 1991 créase o Servizo de Inspección de Instalacións Radioactivas para desenvolver as funcións encomendadas polo consello de Seguridade Nuclear que fora creado pola lei 15/1980, do 22 de abril. No ano 1993 volverá ao seu antigo nome de *Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente*.

En decembro de 1993 se crea a *Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais* (Decreto 287/1993,

do 10 de decembro) que asumirá as competencias que viña desenvolvendo a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e as que correspondían á Secretaría Xeral de Seguridade, dependente do presidente da Xunta de Galicia,. No ano 1998 asumirá tamén as competencias en materia de protección civil –que correspondían á Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente-. En 2003 créase o Servizo de Emerxencias 112-SOS-Galicia dependente da Subdirección Xeral de Protección Civil.

O Decreto 211/2005, do 29 de decembro, que establece unha nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia suprime a Consellería de Xustiza Interior e Administración Local, herdeira da anterior, integrán-doa na *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* que contará con dúas direccións xerais para o desenvolvemento destas competencias: a *Dirección Xeral de Interior* e a *Dirección Xeral de Protección Civil*.

Por último, hai que engadir que a seguridade vial constitúe tamén unha competencia da Dirección Xeral de Obras Públicas. No ano 2008, polo Decreto 188/2008, do 28 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, créase a figura do *Comisionado para a Seguridade Víaria de Galicia* que, con rango de secretaría xeral, é o órgano superior da consellería en materia de coordinación, seguimento e asesoramento respecto das directrices e estratexias vinculadas á seguridade víaria de Galicia. En 2009, as súas funcións serán asumidas pola Subdirección Xeral de Seguridade Víaria e Inspección da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

EST / ESTRUTURA

As distintas competencias que engloba seguridade son asumidas por varias consellerías. Esta función divídese en dúas subfuncións, que son *seguridade/interior e protección civil*.

Nun primeiro momento as competencias en materia de interior foron desempeñadas pola Consellería de Xustiza e Interior, e a partir da súa supresión no ano 1983, pola Consellería de Presidencia. No ano 1983 vaise crear a Dirección Xeral de Coordinación

072

Administrativa e Política Interior, dependente da Vicepresidencia Primeira para Asuntos Políticos, para, novamente quedar integrada na Consellería da Presidencia, no ano 1984, co nome de Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación. A partir do ano 1994, asumirá as competencias nesta materia a Consellería de Xustiza, a través dunha dirección xeral, ata o ano 2005, en que volven ser asumidas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa excepción, xa mencionada, da seguridade viaria. Por último, *protección civil*, que nos primeiros anos dependeu da Consellería de Presidencia e Administración Pública, para adscribirse funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galicia a partir do ano 1990 ata o ano 1997. Coa creación da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a finais de 1993, asumirá nun primeiro momento as competencias en interior, para posteriormente asumir as de seguridade e protección civil. A partir do ano 2005, estas competencias vólveas recuperar a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ata a actualidade.

073

FUN / FUNCIÓN

SERVIZOS SOCIAIS

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Cultura e Xuventude	(1990/1993)
Consellería de Traballo e Servizos Sociais	(1990/1993)
Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas	(1990/2001)
Consellería de Familia, Muller e Xuventude	(1993/1997)
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais	(1993/2001)
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	(1997/2003)
Consellería de Asuntos Sociais	(2001/2003)
Consellería de Emigración e Cooperación Exterior	(2001/2003)
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	(2003/2005)
Consellería de Emigración	(2003/2005)
Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado	(2003/2005)
Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Emigración	(2005/...)
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	(2005/2009)
Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Igualdade	(2009/...)
Consellería de Traballo e Benestar	(2009/...)
Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	(1991/...)

HIST / HISTORIA

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia os define como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación galega. Así, dentro da área de actuación de servizos sociais inclúense as políticas autonómicas, en materia de benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, igualdade de xénero, xuventude, solidariedade, voluntariado e o referente a actuación da comunidade autónoma en materia de emigración.

A Constitución española establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social (artigo 148.1.20); promoción do deporte e adecuada utilización do ocio (artigo 148.1.19) e que o Estado ten competencia en materia de lexislación básica e réxime económico da seguridade social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas (artigo 149.1.17). No que se refire á emigración, a Constitución española recolle que o Estado ten competencias exclusivas en materia de nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo (artigo 149.1.2) e que o estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara o retorno (artigo 42). Polo tanto, as comunidades autónomas poderán actuar só de forma complementaria.

Pola súa parte o Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de asistencia social (artigo 27.23); promoción do deporte e adecuada utilización do ocio (artigo 27.22) e en materia de promoción do desenvolvemento comunitario (27.24) e que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de seguridade social. Tamén lle corresponde a xestión do réxime económico da seguridade social en Galicia, sen prexuízo da caixa única (artigo 33.2). Fai, ademais, especial referencia ó mundo da emigración galega, expresando o recoñecemento do dereito das comunidades galegas asentadas no exterior a solicitar o recoñecemento da súa galegitude, entendida como

o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego, artigo 7, artigo que é desenvolto pola Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento de galegitude.

En cumprimento do mandato constitucional e estatutario levarase a cabo o traspaso de competencias da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 1982, mediante o Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo (logo ampliado polo Real decreto 534/1984, de 25 de xaneiro) farase a transferencia en materia de servizos e asistencia social; o Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo transfire as competencias en materia de asistencia social e promoción-sociocultural, con especial referencia ó ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario e o Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, as competencias en materia de tempo de lecer.

En anos posteriores irase completando o paquete de transferencias. Así, o Real decreto 2414/1983, do 20 de xullo fai o traspaso de funcións e servizos en materia de garderías infantís laborais; o Real decreto 2834/1983, do 5 de outubro, as relacionadas coa protección á muller (ampliadas polo Real decreto 91/1996, de 26 de xaneiro); o Real Decreto 1108/1984, do 29 de febreiro, as relacionadas coa protección de menores (ampliadas polo Real Decreto 1054/1985, de 5 de xuño) e o Real decreto 258/1985, de 23 de xaneiro, o traspaso das funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.

EVO / EVOLUCIÓN

A efectos do seu estudio, podemos agrupar as competencias transferidas pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en tres bloques. No primeiro bloque contemplamos as funcións relacionadas coa asistencia social, o tempo de lecer ou a promoción sociocultural. En definitiva, aquelas actuacións encamiñadas a conseguir unha maior calidade de vida. No segundo bloque incluímos aquellas outras que teñen que ver coa especial protección a sectores sociais desfavorecidos co obxectivo de conseguir unha maior integración social e igualdade de oportunidades. O terceiro bloque o constitúen as que prestan atención ao mundo da emigración.

Despois de estruturada a Xunta de Galicia, no ano 1982, a *Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración* asumirá tanto as competencias en materia de servizos e asistencia social e tempo de lecer (as que se lle engade en 1983 as garderías infantís laborais) como as relacionadas coa emigración. A *Consellería de Turismo e Deportes* (pasa a chamarse Consellería de Turismo Xuventude e Deportes no ano 1983) farase cargo tamén de aspectos relativos a asistencia social e promoción sociocultural, con especial referencia ó ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario. A Consellería de Presidencia farase cargo das de protección á muller e protección de menores.

No ano 1986 as competencias en servizos sociais pasan a depender da *Consellería de Cultura e Benestar Social* (Decreto 11/1986, do 1 de marzo). A protección de menores e da muller continuará a cargo da Consellería da Presidencia. Ao ano seguinte, coa creación da *Consellería de Traballo e Benestar Social*, o departamento de cultura perderá todas as competencias relacionadas co benestar social, agás as de xuventude, que permanecerán a cargo da agora denominada *Consellería de Cultura e Deporte, Consellería de Cultura e Xuventude*, desde 1990. Tamén pasarán á *Consellería de Traballo e Benestar Social* as relativas á protección do menor e a muller que antes estaban ao cargo da Consellería da Presidencia.

Ao mesmo tempo, tamén en 1986 as competencias en materia de emigración pasan a depender da *Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas*, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. No ano 1990 cambiará o seu nome polo de *Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas*.

En 1990, a *Consellería de Traballo e Benestar Social* cambiará o seu nome polo de *Consellería de Traballo e Servizos Sociais*. En 1991 créase o *Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller* (Lei 3/1991, do 14 de xaneiro), como organismo autónomo adscrito a esta consellería encargado da promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da Igualdade efectiva de mulleres e homes.

A estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 287/1993, do 10 de decembro, traerá consigo cambios no campo dos servizos sociais. As competencias que antes estaban a cargo da *Consellería de Traballo e Servizos Sociais* repartiránse en dous departamentos: a *Consellería de Sanidade e Servizos*

Sociais, que asume o relativo aos servizos comunitarios, terceira idade, minusválidos e exclusión social, a xestión de prestacións económicas derivadas da Lei 26/1990, do 20 de decembro, a xestión de pensións non contributivas e outros réximes vixentes de carácter transitorio, e o mantemento do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e a *Consellería de Familia, Muller e Xuventude*, que terá competencias nas áreas de muller, familia, infancia e xuventude e grupos especiais. Estará tamén adscrito á *Consellería o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller*. En 1997 pasa a denominarse *Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude*.

No ano 2001 créase a *Consellería de Asuntos Sociais*. Exercerá as competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas á *Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude*. Directamente do titular de Asuntos Sociais dependerá o *Servizo Galego de Voluntariado*, que exercerá as competencias establecidas na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia. Tamén no ano 2001 créase a *Consellería de Emigración e Cooperación Exterior* (Decreto 306/2001, do 15 de decembro) para facerse cargo, entre outras, das competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguide; relacións coas comunidades galegas no exterior e orientación e integración do emigrante retornado.

En 2003 os departamentos competentes nesas materias serán a *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a Consellería de Emigración*.

Polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto créase a *Vicepresidencia da Igualdade e o do Benestar* na que se agruparán todas as funcións de asistencia e benestar social que estaban a cargo da *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais* e da *Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado*. As competencias en emigración pasan a ser desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Emigración, adscrita á *Presidencia da Xunta de Galicia*, onde se mantéñen ata a actualidade.

Coa reestruturación da Xunta de Galicia do ano 2009 das funcións relacionadas co benestar

vaise facer cargo a Consellería de Traballo e Benestar (Decreto 83/2009, do 21 de abril), quedando adscritas á Presidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, como xa dixemos, as derivadas da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a preventión e o tratamento integral da violencia de xénero (Decreto 82/2009, do 21 de abril). As competencias en materia de emigración continúan a cargo da Secretaría Xeral de Emigración.

EST / ESTRUTURA

No ano 1982 serán as direccións xerais da Seguridade Social e de Emigración as que se fagan cargo destas competencias dentro da Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración; a Dirección Xeral de Deportes, Xuventude e Desenvolvemento Comunitario no ámbito asignado á Consellería de Turismo e Deportes (no ano 1983 Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario na Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes) e a Subdirección Xeral de Protección de Menores e da Muller dentro da Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación da Consellería de Presidencia.

No ano 1986 serán exercidas pola Dirección Xeral de Servizos Sociais e a Dirección Xeral de Xuventude e Deportes, da Consellería de Cultura e Benestar Social, pola Subdirección Xeral de Protección de Menores da Consellería da Presidencia e pola Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas dependente da Presidencia da Xunta de Galicia (secretaría xeral desde 1990).

No período comprendido entre o ano 1987 e 2005 o nome e adscrición das direccións xerais experimentarán moitas variacións. A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro crea o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller, organismo autónomo que ten ao seu cargo a promoción de medidas encamiñadas a consecución efectiva da igualdade entre homes e mulleres e a Lei 3/2000, do 22 de decembro, crea o Servizo Galego do Voluntariado como organismo especializado nesta materia. Diversos órganos colexiados de duración variable exercerán funcións asesoras en diferentes materias. As competencias en materia de emigración, no ano 1986, pasarán á Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas,

adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia converténdose en Secretaría polo Decreto 16/1990, do 6 de febreiro. Dende o ano 2001 ata o 2005 as funcións relacionadas coa emigración estarán a cargo de dúas direccións xerais: a Dirección Xeral da Emigración e a Dirección Xeral de Cooperación Exterior (posteriormente Dirección Xeral de Apoyo a Inmigración (2003) e a Dirección Xeral de Inmigración (2004), dependentes da Consellería de Emigración.

No ano 2005 a Vicepresidencia da Igualdade e o do Benestar estrutúrase en tres secretarías xerais: a Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Secretaría Xeral do Benestar. De esta última dependerán a Dirección Xeral de Acción Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Estarán adscritos á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, coa composición e funcións que sinalan as súas normas de creación, numerosos órganos colexiados e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. A Secretaría Xeral de Emigración, dependente da Presidencia da Xunta, estrutúrase en cinco subdireccións xerais.

Coa nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia as competencias encomendadas á Consellería de Traballo e Benestar serán desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, pola Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. As políticas en materia de igualdade quedarán a cargo da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, e das competencias en materia de emigración ocuparanse, dentro da Secretaría Xeral de Emigración, catro subdireccións xerais.

077

FUN / FUNCIÓN

TRABALLO

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración	(1982/1986)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo	(1986/1987)
Consellería de Traballo e Benestar Social	(1987/1990)
Consellería de Traballo e Servizos Sociais	(1990/1993)
Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Dirección Xeral de Formación e Emprego	(1993/1997)
Consellería de Xustiza, Interior e Relaciós Laborais	(1993/2003)
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	(1997/2003)
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relaciós Laborais	(2003/2005)
Consellería de Traballo	(2005/2009)
Consellería de Traballo e Benestar	(2009/...)
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	(2007/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma de Galicia terá ao seu cargo competencias e funcións en materia de política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, políticas activas de emprego e cooperativas e empresas de economía social.

A Constitución, no artigo 149.1.13, reserva ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e o artigo 149.1.7 a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución pola Comunidade Autónoma. Por outra parte o artigo 149.1.30. establece a competencia exclusiva do Estado na regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece nos seus artigos 30.1 e 29.1 que corresponde á Xunta, a planificación da actividade económica en Galicia e a execución da lexislación do Estado en materia laboral, assumindo as facultades, funcións e servizos que neste ámbito e a nivel de execución ostenta actualmente o Estado, no artigo 28.7, que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado referente a Entidades cooperativas, e no artigo 31, que é competencia plena da Xunta de Galicia a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión.

En base ás previsións constitucionais e estatutarias faranse as correspondentes transferencias da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, comezando polo Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, polo que se transfiren competencias en materia de traballo, seguridade e hixiene no traballo e promoción e protección do movemento cooperativo, que serán ampliadas polo Real decreto 2412/82, do 24 de xullo. O Real decreto 4104/82, do 29 de decembro, transfire as competencias en materia de mediación, arbitraxe e conciliación. O Real decreto 1999/84, do 12 de setembro, as funcións e servizos en materia de regulación de emprego. O Real decreto 1928/84, do 12 de setembro, a xestión das axudas, préstamos e subvencións de apoio ao emprego en cooperativas,

sociedades anónimas laborais, traballo autónomo, etcétera que viña realizado a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. O Real decreto 1456/1989 do 1 de decembro, as funcións de cualificación e rexistro administrativo en materia de sociedades anónimas laborais. O Real decreto 146/1993, de 29 de xaneiro, a xestións da formación profesional ocupacional, e o Real decreto 1375/1997, de 29 de agosto, as funcións de xestión que en materia de intermediación no mercado de traballo, emprego e formación viña realizado o Instituto Nacional de Emprego (INEM).

EVO / EVOLUCIÓN

O decreto 1/1982 do 21 de xaneiro creou a *Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración*, que terá ao seu cargo as competencias en materia de traballo. A partir desta data irán cambiando de departamento ao longo do tempo: *Consellería de Traballo, Industria e Turismo* (Decreto 11/1986, do 1 de marzo), *Consellería de Traballo e Benestar Social* (Decreto 234/1987, do 29 de setembro) que pasa a chamarse *Consellería de Traballo e Servizos Sociais* polo Decreto 12/1990, do 5 de febreiro.

Polo Decreto 287/1993, do 10 de decembro, as competencias en materia de política laboral pasarán a ser desenvoltas por dous departamentos diferentes: a *Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais*, que levará a cabo as competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, relacións laborais e de seguridade e hixiene no traballo, e a *Consellería de Familia, Muller e Xuventude*, que máis tarde se chamará *Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude*, (Decreto 347/1997, do 9 de decembro), encargada da política en materia de formación ocupacional e promoción de emprego.

O Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro volve reunir as competencias en materia de traballo nun só departamento, compartido con asuntos sociais: a *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais* e polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, créase a Consellería de Traballo como departamento independente. En 2009, o Decreto 79/2009 reúne de novo as competencias en traballo e asuntos sociais coa denominación de *Consellería de Traballo e Benestar Social*.

EST / ESTRUTURA

Desde 1982 ata a actualidade os órganos encargados de levar a cabo as competencias en materia de traballo variarán, adscribindose a diferentes consellerías.

As funcións comúns estarán a cargo da Secretaría Xeral e as específicas serán desenvoltas por varias Direccións Xerais, que cambian de nome e funcións ao longo do tempo, e diversos órganos colexiados exercerán funcións asesoras.

Desde 1982 ata 1990 as funcións específicas serán levadas a cabo pola Dirección Xeral de Traballo (*Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración* (1982/1986); *Consellería de Traballo, Industria e Turismo* (1986/1987); *Consellería de Traballo e Benestar Social* (1987/1990), pasando a chamarse no ano 1990 *Dirección Xeral de Traballo e Promoción de Emprego* (*Consellería de Traballo e Servizos Sociais* (1990/1993), que terá ao seu cargo as competencias e funcións en materia de traballo; seguridade e hixiene no traballo; mediación, arbitraxe e conciliación; protección, estímulo e desenvolvemento do movemento cooperativo e regulación do emprego e xestión da política de emprego.

No ano 1993, esta Dirección Xeral dividirase en dúas, dependentes de dúas consellerías diferentes: a Dirección Xeral de Relacións Laborais (*Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais* (1993/2003), que terá ao seu cargo as competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, seguridade e hixiene no traballo, cooperativas e empresas de economía social, e a *Dirección Xeral de Formación e Emprego* (*Consellería de Familia, Muller e Xuventude* (1993/1997) encargada de levar a cabo a política en materia de formación ocupacional e promoción de emprego. Esta última no ano 1997 desdóbrase en dúas: a *Dirección Xeral de Formación e Colocación*, encargada das funcións en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, e a *Dirección Xeral de Fomento do Emprego*, á que lle corresponden as funcións en materia de promoción de emprego e economía social,

As competencias en materia laboral dende o ano 2003 ata a actualidade volven concentrarse nunha soa consellería: *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego*

e Relacións Laborais (2003/2005); *Consellería de Traballo* (2005/2009) e *Consellería de Traballo e Benestar* (2009/), pero seguirán a cargo das mesmas direccións xerais que na etapa anterior, agás o cambio de nome da *Dirección Xeral de Fomento do Emprego*, que pasa a chamarse *Dirección Xeral de Promoción do Emprego* (2005/).

No ano 2004, créase o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral como organismo administrativo de carácter técnico que se integra orgánica e funcionalmente na Consellería competente en materia de seguridade e saúde laboral. No ano 2005, suprímese e pone en marcha a elaboración dun proxecto dun novo modelo de instituto dotado de personalidade xurídica propia. Créase, pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, e terá ao seu cargo a xestión e coordinación de políticas nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral.

080

FUN / FUNCIÓN

TURISMO

ORG / ÓRGANOS - DATAS

Consellería de Turismo e Deportes	(1982/1983)
Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes	(1983/1986)
Consellería de Traballo, Industria e Turismo	(1986/1987)
Consellería de Industria, Comercio e Turismo	(1987/1990)
Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para o Turismo	(1990/1997)
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	(1997/2005)
Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo	(2005/2009)
Consellería de Cultura e Turismo	(2009/...)
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia)	(1991/...)
Instituto de Estudios Turísticos de Galicia	(2007/...)

HIST / HISTORIA

A Comunidade Autónoma Galega ten ao seu cargo competencias e funcións en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial. Farase cargo da planificación e coordinación da actividade turística, a ordenación da oferta e da súa infraestrutura, o fomento e regulación das empresas e actividades turística e a promoción e comercialización do turismo. Isto levará consigo a fiscalización e sanción, no seu caso, dos incumplimentos das directrices e normas ditadas en materia turística, a autorización, clasificación e inspección de empresas e actividades turísticas, levando o seu correspondente rexistro, o control e tutela das entidades de fomento do turismo e a coordinación e administración das ensinanzas dos profesionais do turismo.

Segundo establece a Constitución española no seu artigo 148.1.18, as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial. Nos mesmos termos o recolle o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.21.

O traspaso de competencias iniciouse xa na etapa preautonómica co Real decreto 212/1979, de 26 de xaneiro, sobre transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de turismo, actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, transportes e urbanismo, e continuaron cos reais decretos 2418/1982, de 24 de xullo e 2806/1983, de 1 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo.

EVO / EVOLUCIÓN

As competencias da Administración do Estado que, en materia de turismo, foron transferidas á Xunta de Galicia, xa en fase preautonómica, en 1979, serán exercidas pola Consellería de Industria, Comercio e Turismo, e en fase autonómica, no ano 1982, pola Consellería de Turismo e Deportes para, sucesivamente, pasar á Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes (1983), Consellería de Traballo, Industria e Turismo (1986), Consellería de Industria, Comercio e Turismo (1987), Secretaría Xeral para o Turismo, dentro da Presidencia da Xunta (1990), Consellería de Cultura, Comunicación

Social e Turismo (2001), a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria (2005), e finalmente, a Consellería de Cultura e Turismo (2009).

En 1991 créase a *Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia*, Turgalicia (Decreto 198/1991, do 27 de marzo) que, encargada da promoción de Galicia como destino turístico, centrará a súa actividade na formación dos profesionais e na aplicación das novas tecnoloxías á comercialización turística. Coa aprobación da Lei 9/1997, de 21 de agosto, se dota á Comunidade Autónoma dunha normativa xeral que fixa o marco adecuado para o desenvolvemento do sector. Será modificada pola Lei 10/2004 de 2 de novembro, no que respecta á regulación dos sistemas de aloxamento nos campamentos de turismo e do exercicio da potestade sancionadora.

O Decreto 89/2007, do 19 de abril, crea o consorcio *Instituto de Estudios Turísticos de Galicia* como ente asociativo dotado de personalidade xurídica propia, co obxecto de contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, en especial no ámbito da investigación.

Finalmente, en decembro de 2008 apróbase a lei 14/2008 de 3 de decembro, de turismo de Galicia, coa que se pretende defender un turismo sostido e de calidade acorde coa renovada Estratexia de Lisboa do ano 2005 e coherente coa defensa da cultura e identidade propias (patrimonio histórico-artístico, lingua, gastronomía, artesanía, folclore...) Isto implica a modernización da política de promoción e fomento, mediante o establecemento dunha política de axudas para a profesionalización do sector coa extensión do uso das novas tecnoloxías e dos idiomas e para a renovación das infraestruturas.

A lei outorga tamén un papel fundamental á cooperación interadministrativa, particularmente cos entes locais e a cooperación co sector privado, e á integración da visión empresarial coa visión territorial, ambiental e cultural, de forma que sen renunciar á rendibilidade económica se protexan os recursos especialmente significativos polos seus valores ambientais, culturais ou paisaxísticos.

EST / ESTRUTURA

Dende o ano 1982, a estrutura da consellería correspondente adscribirá a unha dirección xeral específica

082

as funcións en materia de turismo, salvo nun período concreto, en que serán assumidas por unha secretaría xeral dependente da Presidencia da Xunta (1990). Esta dirección xeral ou secretaría desempeñará de forma exclusiva competencias en turismo ou asumirá tamén, en determinados momentos, comunicación social (1982/ 1983) ou tempo libre (1983/1986).

Esta estrutura administrativa complementarase coa creación dun órgano asesor e consultivo, o Consello Galego de Turismo, constituído no ano 1989, da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, Turgalicia (1991), e do Instituto de Estudios Turísticos, creado no ano 2007.

083

LEX/

LEXISLACIÓN

ESTRUTURAS
ORGÁNICAS

**XUNTA
DE GALICIA**

- / Decreto 1/1982, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura da Xunta de Galicia (DOG núm. 1, do 22 de xaneiro).
- / Decreto 3/1982, de 21 de xaneiro, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 1, do 22 de xaneiro).
- / Decreto 140/1982 do 30 de novembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 32, do 15 de decembro).
- / Decreto 30/1983, do 7 de marzo, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 20, do 9 de marzo).
- / Decreto 31/1983, do 7 de marzo, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos políticos (DOG núm. 20, do 9 de marzo).
- / Decreto 32/1983, do 7 de marzo, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos económicos (DOG núm. 20, do 9 de marzo).
- / Decreto 58/1983, do 6 de abril, polo que se establecen as competencias da vicepresidencia para asuntos económicos da Xunta de Galicia (DOG núm. 34, do 15 de abril).
- / Decreto 124/1983, do 15 de setembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 128, do 16 de setembro).
- / Decreto 142/1983, do 11 de outubro, polo que se reestruturan os órganos da Xunta de Galicia (DOG núm. 146, do 13 de outubro).
- / Decreto 151/1983, de 11 de outubro, polo que se regula a organización das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 150, do 19 de outubro).
- / Decreto 224/1983, do 10 de novembro, polo que se modifica o Decreto 151/1983, do 11 de outubro, polo que se regula a organización das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, do 2 de decembro).
- / Decreto 48/1984, do 31 de marzo, polo que se dispón o cesamento do vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos económicos (DOG núm. 65, do 2 de abril).
- / Decreto 55/1984, do 4 de abril, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 68, do 5 de abril).
- / Decreto 91/1984, do 7 de xuño, polo que se estruturan os órganos da Xunta de Galicia (DOG núm. 113, do 13 de xuño).
- / Decreto 183/1984, do 13 de decembro, polo que se reestruturan determinadas consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 8, do 11 de xaneiro).
- / Decreto 11/1986, do 1 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 44, do 3 de marzo). Corrección de errores DOG núm. 48, do 7 de marzo.
- / Decreto 14/1986, do 1 de marzo, polo que se fixa a estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 44, do 3 de marzo).
- / Decreto 15/1986, do 1 de marzo, polo que se establecen os órganos superiores directamente dependentes do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 44, do 3 de marzo).

- / Decreto 171/1986, do 6 de maio, polo que se establece o alcance do disposto no Decreto 15/1986, do 1 de marzo (DOG núm. 119, do 20 de xuño).
- / Decreto 11/1987 do 22 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica das consellerías de Sanidade e Seguridade Social e de Traballo, Industria e Turismo (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro). Corrección de errores DOG núm. 23, do 4 de febreiro.
- / Decreto 234/1987, do 29 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 188, do 30 de setembro).
- / Decreto 238/1987, do 6 de outubro, de estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 194, do 8 de outubro).
- / Decreto 293/1987, do 15 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 199, do 16 de outubro).
- / Decreto 184/1988, do 29 de xullo, polo que se dispón o cese do vicepresidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 145, do 30 de xullo).
- / Decreto 12/1990, do 5 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 26, do 6 de febreiro).
- / Decreto 15/1990, do 6 de febreiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos de Xunta de Galicia (DOG núm. 27, do 7 de febreiro).
- / Decreto 16/1990, do 6 de febreiro, polo que se determina a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 27, do 7 de febreiro). Decreto 388/1990, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 147, do 28 de xullo).
- / Decreto 227/1991, do 4 de xullo, polo que se modifican os decretos 15/1990, do 6 de febreiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e 16/1990, do 6 de febreiro, polo que se determina a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia, e se crea a Secretaría Xeral de Comunicación (DOG núm. 129, do 8 de xullo).
- / Decreto 246/1991, do 12 de xullo, polo que se desenvolve o Decreto 227/1991, do 4 de xullo, polo que se modifica a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e se crea a Secretaría Xeral de Comunicación (DOG núm. 139, do 22 de xullo).
- / Decreto 287/1993, do 10 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 237, do 11 de decembro).
- / Decreto 290/1993, do 11 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes directamente da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 238, do 13 de decembro).
- / Decreto 291/1993, do 11 de decembro, polo que se fixa a estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 238, do 13 de decembro).

086

/ Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 158, 17 de agosto).

/ Decreto 71/1995, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 50, do 13 de marzo. Corrección de errores DOG núm. 54, do 17 de marzo).

/ Decreto 212/1996, do 6 de xuño, polo que se modifica parcialmente a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 112, do 7 de xuño. Corrección de errores DOG núm. 113, do 10 de xuño).

/ Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro).

/ Decreto 347/1997, do 9 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 238, do 10 de decembro).

/ Decreto 350/1997, do 10 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 239, 11 de decembro. Corrección de errores DOG núm. 241, do 15 de decembro).

/ Decreto 351/1997, do 10 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 239, do 11 de decembro).

/ Decreto 85/1999, do 8 de abril, polo que se modifica o Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior (DOG núm. 68, do 12 de abril).

/ Decreto 146/2000, do 19 de maio, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 116, do 15 de xuño).

/ Decreto 160/2000, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 351/1997, de 10 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. DOG núm. 128, do 3 de xullo).

/ Decreto 309/2001, do 17 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta (DOG núm. 243, 18 de decembro).

/ Decreto 306/2001, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 242, do 17 de decembro).

/ Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 243, do 18 de decembro).

/ Decreto 313/2001, do 18 de decembro, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 244, do 19 de decembro).

/ Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro).

/ Decreto 22/2003, do 20 de xaneiro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro).

/ Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro).

/ Decreto 280/2003, do 17 de xuño, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 118, do 19 de xuño).

/ Decreto 206/2004, do 9 de setembro, polo que se nomea vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia (DOG núm. 177, do 10 de setembro).

/ Decreto 207/2004, do 9 de setembro, polo que se nomea vicepresidente segundo da Xunta de Galicia (DOG núm. 177, do 10 de setembro).

/ Decreto 215/2004, do 23 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 187, do 24 de setembro).

/ Decreto 12/2005, do 3 febreiro, polo que se modifica o Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 25, do 7 de febreiro).

/ Decreto 211/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 4 de agosto).

/ Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 155, do 12 de agosto).

/ Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 155, do 12 de agosto).

/ Decreto 332/2005, do 18 de agosto, polo que se modifica o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos Departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 159, do 19 de agosto).

/ Decreto 454/2005, do 1 de setembro, polo que se modifica o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos Departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 169, do 2 de setembro).

/ Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 53, do 16 de marzo).

/ Decreto 145/2007, do 19 de xullo, polo que se modifica o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 148, do 1 de agosto).

/ Decreto 212/2007, do 8 de novembro, polo que se modifica o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos Departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 221, do 15 de novembro).

/ Decreto 211/2008, do 11 de setembro, polo que se modifica o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de

Galicia (DOG núm. 186, do 25 de setembro).

/ Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 75, do 20 de abril).

/ Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 77, do 22 de abril).

/ Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 19 de xuño).

ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

/ Decreto 3/1982, de 21 de xaneiro, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 1, do 22 de xaneiro).

/ Decreto 7/1982, do 5 de febreiro, sobre estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 2, do 12 de febreiro).

/ Decreto 50/1982, do 3 de marzo, polo que se crea, dentro da estrutura orgánica da Consellería da Presidencia a Dirección Xeral para as Relacións co Parlamento (DOG núm. 4, do 17 de marzo).

/ Decreto 98/1982, do 11 de agosto, polo que se crea o Gabinete Técnico do vicepresidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 14, do 18 de agosto).

/ Decreto 163/1982, do 1 de decembro, sobre estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 5, do 31 de xaneiro).

/ Decreto 3/1983, do 7 de xaneiro, polo que se crean os asesores especiais do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 3, do 21 de xaneiro).

/ Decreto 7/1983, do 20 de xaneiro, polo que se crean os órganos adxuntos ao presidente da Xunta (DOG núm. 8, do 2 de febreiro).

/ Decreto 9/1983, do 3 de febreiro, polo que se crea na Consellería de Economía e Finanzas, a Dirección Xeral do Contencioso (DOG núm. 12, do 16 de febreiro).

/ Decreto 31/1983, do 7 de marzo, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos políticos (DOG núm. 20, do 9 de marzo).

/ Decreto 32/1983, do 7 de marzo, polo que se nomea vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos económicos (DOG núm. 20, do 9 de marzo).

/ Decreto 58/1983, do 6 de abril, polo que se establecen as competencias da vicepresidencia para asuntos económicos da Xunta de Galicia (DOG núm. 34, do 15 de abril).

/ Decreto 142/1983, do 11 de outubro, polo que se reestruturan os órganos da Xunta de Galicia (DOG núm. 146, do 13 de outubro).

/ Decreto 225/1983, do 24 de novembro, polo que se establecen as funcións e a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Facenda e Comercio (DOG núm. 184, do 7 de decembro).

/ Decreto 249/1983, do 24 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 16, do 25 de xaneiro).

/ Decreto 48/1984, do 31 de marzo, polo que se dispón o cesamento do vicepresidente da Xunta de Galicia para asuntos económicos (DOG núm. 65, do 2 de abril).

/ Decreto 15/1986, do 1 de marzo, polo que se establecen os órganos superiores directamente dependentes do Presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 44, do 3 de marzo).

/ Decreto 171/1986, do 6 de maio, polo que se establece o alcance do disposto no Decreto 15/1986, do 1 de marzo (DOG núm. 119, do 20 de xuño).

/ Decreto 350/1986, do 13 de novembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Presidencia (DOG núm. 226, do 19 de novembro).

/ Decreto 371/1986 do 20 de novembro, polo que se organiza a Vicepresidencia da Xunta e se modifican as relacións funcionais da Consellería da Presidencia (DOG núm. 230, do 25 de novembro).

/ Orde do 26 de febreiro de 1987, pola que se desenvolven as funcións do Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia (DOG núm. 48, do 11 de marzo).

/ Decreto 239/1987, do 6 de outubro, polo que se organiza a Vicepresidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 194, do 8 de outubro).

/ Decreto 99/1988, do 21 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 91, do 13 de maio). Corrección de errores DOG núm. 96, do 20 de maio e DOG núm. 104, do 1 de xuño.

/ Decreto 184/1988, do 29 de xullo, polo que se dispón o cese do vicepresidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 145, do 30 de xullo).

/ Decreto 57/1989, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 99/1988, do 21 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 85, 4 de maio).

/ Decreto 16/1990, do 6 de febreiro, polo que se determina a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 27, do 7 de febreiro).

/ Decreto 210/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno (DOG núm. 57, do 21 de marzo).

/ Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da consellería de Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 97, do 21 de maio).

/ Decreto 388/1990, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes directamente do presidente da Xunta de Galicia (DOG núm. 147, do 28 de xullo).

/ Decreto 426/1990, do 31 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 161, do 17 de agosto).

088

Corrección de errores DOG núm. 195, do 3 de outubro). Nel créase a Dirección Xeral de Planificación e Relacións coa CEE dentro da estrutura da consellería.

/ Decreto 533/1990, do 14 de decembro, que modifica o Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 252, do 26 de decembro).

/ Decreto 47/1991, do 14 de febreiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno (DOG núm. 42, do 28 de febreiro).

/ Decreto 227/1991, do 4 de xullo, polo que se modifican os decretos 15/1990, do 6 de febreiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e 16/1990, do 6 de febreiro, polo que se determina a estrutura dos centros directivos dependentes directamente do Presidente da Xunta de Galicia, e se crea a Secretaría Xeral de Comunicación (DOG núm. 129, do 8 de xullo).

/ Decreto 246/1991, do 12 de xullo, polo que se desenvolve o Decreto 227/1991, do 4 de xullo, polo que se modifica a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e se crea a Secretaría Xeral de Comunicación (DOG núm. 139, do 22 de xullo).

/ Decreto 5/1993, do 28 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro).

/ Decreto 290/1993, do 11 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes directamente da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 238, do 13 de decembro).

/ Decreto 117/1994 do 4 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 88, do 9 de maio).

/ Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 158, 17 de agosto).

/ Decreto 262/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 158, do 17 de agosto).

/ Decreto 71/1995, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 50, do 13 de marzo. Corrección de errores DOG núm. 54, do 17 de marzo).

/ Decreto 138/1996, do 29 de marzo, polo que se modifica o artigo 9 do Decreto 117/1994, do 4 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 77, do 19 de abril).

/ Decreto 212/1996, do 6 de xuño , polo que se modifica parcialmente a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 112, do 7 de xuño).

/ Decreto 218/1996, do 6 de xuño, polo que se nomea

conselleiro sen carteira para Asuntos Parlamentarios (DOG núm. 112, do 7 de xuño).

/ Decreto 237/1996, do 14 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Comunicación Social (DOG núm. 118, do 17 de xuño).

/ Decreto 256/1996, do 20 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Comunicación Social (DOG núm. 125, do 26 de xuño).

/ Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro).

/ Decreto 350/1997, do 10 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 239, 11 de decembro. Corrección de errores DOG núm. 241, do 15 de decembro).

/ Decreto 13/1998, do 8 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Secretaría Xeral cos Medios Informativos (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro).

/ Decreto 85/1999, do 8 de abril, polo que se modifica o Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior (DOG núm. 68, do 12 de abril).

/ Decreto 105/2000, do 15 de maio, polo que se nomea conselleiro sen carteira para Relacións Institucionais (DOG núm. 94, do 17 de maio).

/ Decreto 108/2000, do 19 de maio, polo que se modifican o Decreto 351/1997, do 10 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 262/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 97, do 20 de maio).

/ Decreto 146/2000, do 19 de maio, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 116, do 15 de xuño).

/ Decreto 309/2001, do 17 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta (DOG núm. 243, 18 de decembro).

/ Decreto 313/2001, do 18 de decembro, polo que se modifica o Decreto 261/1994, do 29 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 244, do 19 de decembro).

/ Decreto 403/2001, do 28 de decembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior (DOG núm. 251, do 31 de decembro. Corrección de errores DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2002).

/ Decreto 17/2002, do 1 de febreiro, polo que se crea a estrutura orgánica da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos (DOG núm. 29, do 8 de febreiro).

/ Decreto 72/2002, do 7 de marzo, polo que se modifica o decreto 8/1998, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación

Social e Turismo . C/e do 1 de abril (DOG núm. 53, do 14 de marzo).

/ Decreto 73/2002, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm. 54, do 15 de marzo).

/ Decreto 342/2002, do 28 de novembro, polo que se modifica o Decreto 403/2001, do 28 de decembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior (DOG núm. 241, do 16 de decembro). Corrección de erros DOG núm. 249, do 26 de decembro).

/ Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro).

/ Decreto 22/2003, do 20 de xaneiro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro).

/ Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro).

/ Decreto 194/2003, do 20 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior (DOG núm. 62, do 28 de marzo).

/ Decreto 196/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Emigración (DOG núm. 63, do 31 de marzo).

/ Decreto 255/2003, do 8 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm. 94, do 16 de maio).

/ Decreto 280/2003, do 17 de xuño, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 118, do 19 de xuño).

/ Decreto 281/2003, do 19 de xuño, polo que se modifica o Decreto 255/2003, do 8 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm. 119, do 20 de xuño).

/ Decreto 165/2005, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 255/2003, do 8 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

/ Decreto 206/2004, do 9 de setembro, polo que se nomea vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia (DOG núm. 177, do 10 de setembro).

/ Decreto 207/2004, do 9 de setembro, polo que se nomea vicepresidente segundo da Xunta de Galicia (DOG núm. 177, do 10 de setembro).

/ Decreto 274/2004, do 18 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Emigración (DOG núm. 232, do 29 de novembro. Corrección de erros DOG núm.

234, do 1 de decembro).

/ Decreto 136/2005, do 26 de maio, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm. 106, do 3 de xuño).

/ Decreto 165/2005, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 255/2003, do 8 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

/ Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 155, do 12 de agosto).

/ Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 155, do 12 de agosto).

/ Decreto 517/2005, do 6 de outubro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG núm. 195, do 10 de outubro).

/ Decreto 578/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro).

/ Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte. (DOG núm. 47, do 8 de marzo).

/ Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 53, do 16 de marzo).

/ Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 58, do 22 de marzo. Corrección de erros DOG 24 de abril de 2007).

/ Decreto 47/2007, do 15 de marzo, polo que se modifica o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG núm. 61, do 27 de marzo).

/ Decreto 145/2007, do 19 de xullo, polo que se modifica o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 148, do 1 de agosto).

/ Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte. (DOG núm. 35, do 19 de febreiro).

/ Decreto 211/2008, do 11 de setembro, polo que se modifica o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 186, do 25 de setembro).

/ Decreto 291/2008, do 30 de decembro, polo que se modifica o Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 7, do 12 de xaneiro).

090

/ Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 19 de xuño).

/ Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo (DOG núm. 125, do 29 de xuño).

ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

/ Decreto 7/1982, do 5 de febreiro, sobre estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 2 do 12 de febreiro).

/ Decreto 10/1982, do 5 de febreiro, sobre organización e competencias da Consellería de Xustiza e Interior (DOG núm. 2, do 12 de febreiro).

/ Decreto 163/1982, do 1 de decembro, sobre estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 5, do 31 de xaneiro).

/ Decreto 171/1982, do 15 de decembro, de distribución de competencias na Consellería de Xustiza e Interior en materia de Administración local (DOG. núm. 13, do 19 de febreiro).

/ Decreto 136/1983, do 16 de setembro, polo que se crea a Dirección Xeral de Xustiza e Política Interior (DOG núm. 130, do 20 de setembro).

/ Decreto 249/1983, do 24 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia (DOG núm. 16, do 25 de xaneiro).

/ Decreto 312/1986, do 16 de outubro, polo que se establece a estrutura da Dirección Xeral de Administración Local e Gobernación (DOG núm. 217, do 6 de novembro).

/ Decreto 350/1986, do 13 de novembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia (DOG núm. 226, do 19 de novembro).

/ Decreto 99/1988, do 21 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 91, do 13 de maio).

/ Decreto 577/1989, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 99/1988, do 21 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 85, do 4 de maio).

/ Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 97, do 21 de maio).

/ Decreto 533/1990, do 14 de decembro, que modifica o Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 252, do 26 de decembro).

/ Decreto 121/1992, do 14 de maio, polo que se regula a estrutura orgánica e as funcións da Inspección Xeral de Servizos da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 96, do 21 de maio).

